

ACTA NÚM. 3 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE 2014.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do d3a **vinde e sete de febreiro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporaci3n en primeira convocatoria de sesi3n ordinaria.

A S I S T E N:

Don 3ngel Benito Curr3s Fern3ndez, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona Mar3a de los Reyes Leis Rodr3guez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona Mar3a de los Ojos Grandes Pardo Vald3s.
Dona Mar3a Amelia Gonz3lez Brandariz.
Don Jos3 Lu3s Garc3a Bello.
Don Juan Jos3 de la Fuente Fuentes.
Dona Mar3a Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adri3n Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Dom3nguez Iglesias.
Don Lu3s Mejjide Rodr3guez.
Don Jos3 Mar3a Rosende Rico.
Dona Mar Mart3n Garc3a.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Ros3n Ferreiro.
Dona Marta Alv3rez-Santullano Fern3ndez-Trigales.
Don Francisco Reyes Santi3s.
Don Gonzalo Mui3os S3nchez.
Don Jos3 A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los 3ngeles G3mez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rub3n Cela D3az.
Dona Elvira Cienfuegos L3pez.
Don Rafael Xes3s Vilar Gonz3lez.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 27 de xaneiro de 2014 (núm. 1/14).**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2014 (núm. 2/14).**
- 3. Aprobación provisional da modificación puntual do catálogo do PXOM de Santiago de Compostela: corrección de erros na ficha D-070 (conxunto en Casal da Horta), creación da ficha D-070 bis (Pazo de Lermo) e incorporación ao catálogo dun elemento de interese etnográfico coa referencia F-134 (Pombal).**
- 4. Proposición do grupo municipal socialista relativa á reposición de árbores que substitúan aos que foron talados.**
- 5. Proposición do grupo municipal socialista relativa á retirada do anteproxecto da Lei do aborto.**
- 6. Proposición do grupo municipal do BNG relativa á convocatoria dun pleno extraordinario e urxente para tratar o maior escándalo institucional desta cidade destapado pola operación Pokémon.**
- 7. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 8. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 9. Rogos e preguntas.**
- 10. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Di o señor Alcalde que hai dúas solicitudes de intervención.

Unha da CIG, en relación coa moción presentada de medidas para a creación de emprego en Galicia; e outra da Plataforma veciñal da Asociación de Veciños Río Sarela, San Lourenzo, Carme de Abaixo.

Indica que de conformidade co acordado pola Xunta de Portavoces, consonte co informe do Asesor Xurídico, e co Regulamento, procede agora no pleno unha intervención de cada un dos solicitantes, por un tempo máximo de cinco minutos.

En primeiro lugar, o representante da CIG Don Anxo Noceda Carballo, intervéñ, por un tempo de cinco minutos.

Di o señor Noceda que Compostela constitúe un claro exemplo do que supuxeron para a clase traballadora, para as clases populares, a crise económica e as medidas adoptadas polos diferentes gobernos. Hai máis de 9.300 desempregados/as nunha cidade que non acada os 100 mil habitantes e perde máis de 3.200 postos de traballo pola redución do número de activos, o que situaría nos máis de 12.500 parados na cidade.

A contratación temporal supera amplamente o 90% dos novos contratos e conxeláronse e baixaron os salarios en case todos os sectores, pero fundamentalmente, polo seu impacto na cidade, no sector público.

Isto explica a enorme diminución da actividade noutros sectores como a hostalería e o comercio. Se a isto se lle engade o colapso da construción, ou o escasísimo tecido industrial da cidade, obtense, desgraciadamente, a fórmula perfecta que explica a caótica situación laboral e económica que se padece en Compostela.

Unha situación que non é exclusiva da cidade, pero que xustifica por sí soa que na ILP (iniciativa lexislativa popular) promovida pola CIG se demanden uns salarios e unhas condicións laborais dignas e a derogación das reformas laborais e demais lexislación, que ademais de non xerar emprego, precariza as condicións de traballo. A situación laboral da cidade é de especial gravidade. Fai referencia tamén á parálise institucional que existe derivada da imputación de boa parte dos integrantes do equipo de goberno.

Tampouco quere deixar de lembrar que van xa varias décadas nas que dende os centros de poder se pretende inculcar a denostación do público, engrandecendo a chamada iniciativa privada. Preténdese ocultar á clase traballadora, ás clases populares, que esa negación do público só é executable e esixible se se trata de non dar resposta ás necesidades sociais, de deixar morrer ou privatizar ás empresas públicas ou para prescindir dunha banca pública.

Pola contra, os mesmos apóstolos da chamada economía de mercado, non dubidan xa en recorrer, senón en esixir a intervención do público e a liberalización de todos os seus recursos cando se trata de subvencionar á banca privada mediante os chamados rescates financeiros, aínda que iso supoña endebedar a nosa nación, Galicia, e ás súas clases populares ata límites insoportables.

Faise, así mesmo, deixazón do público, cando dende o goberno galego abandónase á súa sorte os nosos sectores produtivos, ou malvéndese e faise deixación na defensa da industria produtiva, por non falar dunha falta absoluta de previsión no deseño das necesarias infraestruturas.

Por iso na ILP promovida pola CIG quedan patentes as diferentes medidas para apoiar e defender a nosa industria, os nosos sectores produtivos, a nosa cultura e a nosa lingua, o conxunto dos servizos públicos universais, a constitución dunha banca pública, a potenciación do comercio de proximidade e a necesidade de que sexan as administracións públicas o primeiro axente na dinamización económica e a creación do emprego, pulando polo peche dos ciclos produtivos en Galicia e apostando, neste senso, pola constitución dun Instituto da Empresa Pública Galega.

Non quere esquecer aos que son os artífices da creación da riqueza, que son os que maioritariamente contribúen cos seus impostos ás arcas do Estado; os que co produto do seu esforzo e do seu traballo son, en último termo, os que xeran os multimillonarios beneficios, entre outros, a don Amancio Ortega. A resposta é obvia son a clase traballadora, as clases populares. De aí a enorme inxustiza de que se aproveite o produto do noso traballo, os impostos cos que se dotan os orzamentos das administracións públicas, para no canto de procurar unha real redistribución da riqueza, empregalos en rescatar entidades financeiras, entre outras cuestións.

Neste sentido a IPL da CIG demanda unha fiscalidade máis xusta, a retirada da reforma das pensións e o establecemento dun salario social ou axudas á dependencia. Para a súa central sindical todo o anterior lles reafirma na necesidade dun cambio real de modelo que supere o sistema capitalista e na reivindicación dunha plena soberanía para o noso país.

Tamén quere deixar patente que todas e cada unha das propostas realizadas nesta ILP son perfectamente executables no actual marco legal, polo que non poden caber excusas na súa defensa.

En definitiva, hai quen refuxiándose na negación do público e na non intervención dos Estados decide empregar os cartos públicos para rescatar aos Gayoso, aos González, aos Rolando, aos Méndez, aos Tutor, aos Villa Mir, aos Florentino, ou aos Botín, para que logo, e cos nosos cartos presuma como agora, de beneficios mentres que, pola contra, hai quen es promove unha ILP, para lembrar que existen outras alternativas e que os cartos públicos poden e deben ter outro destino.

A súa proposta resúmese en empregar os recursos en rescatar aos Vigo, aos Ameneiros, Chouza, Méndez, Martínez, Carreira, Porrál ou aos Freire; apelidos que dende logo non

son tan famosos como os mencionados anteriormente, máis que se corresponden entre outros, cos dos/as traballadores/as afectados/as polos infinitos ERES e despedimentos en empresas da nosa cidade, cos das persoas desafiuzadas das súas vivendas pola banca rescatada, cos enfermos e maiores aos que se lles limita o acceso ás medicinas, ou cos traballadores da cafetería da estación de autobuses, tamén aquí presentes, que coa anuencia da administración local, están a ser condenados ao desemprego. Remata pedindo que voten a favor.

Don Antonio Segura, en nome da plataforma veciñal proposta polas asociacións de veciños, Río Sarela, San Lourenzo, Carme de Abaixo, Aqualume Galeras indica que a actuación urbanística proposta para a zona de Galeras, coñecida como “modificación de viais e reforma de accesos a aparcamento, tenlles moi preocupados a eles e aos propietarios afectados polas mencionadas obras, aos veciños da zona, á comunidade escolar do Colexio Raiña Fabiola e en xeral, á cidadanía de Compostela. No cartel anunciador das obras non figura nin o orzamento das mesmas, nin sequera, o número de licenza municipal.

Neste momento o ámbito do parque de Galeras afectado por estas obras, está pechado, impedindo á veciñanza o uso dunha zona verde arborada pública e o acceso aos servizos de recollida de lixo e parada de bus urbana, eliminando ademais o paso de peóns e a continuidade co resto da cidade.

O ámbito de actuación desta obra privada de acceso ao aparcadoiro, tamén privado, atópase de acordo á declaración de patrimonio en perímetro azul, zona de protección de marxe do Plan Especial da cidade histórica. Esta declaración obriga a unha especial protección. Ademais o planeamento en vigor indica que este espazo verde no que se pretende facer unha obra privada debe garantir a continuidade de uso e visual da cidade histórica coa finca do Espiño , etc., espazo protexido e catalogado.

Refírese a que as asociacións de veciños, anteriormente mencionadas, non tiveron información sobre os aspectos que se detallan a continuación:

1. Estudo de mobilidade que xustifica os cambios na circulación rodada e peonil.
2. Razóns que apoiem a necesidade de interese público destas obras.
3. A tramitación da modificación da zona verde arborada de uso e titularidade pública cos informes obrigatorios das administracións, segundo define a LOUG, Lei do Solo de Galicia en vigor.
4. O informe da Dirección Xeral de Patrimonio favorable para actuar no perímetro azul.

5. Período de exposición pública e alegacións ao convenio asinado entre a empresa Tugalo SLU e o Concello de Santiago de Compostela.

6. Acta do pleno municipal coa aprobación definitiva deste convenio.

7. Expediente de cesión e valoración do patrimonio público (zona verde e beirarrúa) que se allea a un particular para uso privativo.

8. Custo da obra de mobilidade que modifica as vías públicas e obriga ao traslado de servizos.

9. Licitación e contratación da obra en espazo público, tempo de execución, medidas de seguridade conforme á normativa en vigor durante a realización das mesmas.

Rematada a anterior intervención o pleno da corporación comeza a examinar os puntos da orde do día da sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2014 (NÚM. 1/14).

O Sr. Alcalde pregunta aos presentes se teñen algunha observación que formular á acta que se presenta á aprobación.

O Sr. Reyes di que na páxina 10, parágrafo sete, na última liña di que “neste sentido solicitarán un informe de intervención”, e debe dicir “neste sentido di que solicita un informe de intervención”.

Engade que na páxina 11, no parágrafo 4, cando di, “que están a sumar a débeda máis o PIB”, ten que dicir “a débeda máis o PIE (participación nos ingresos do Estado)”.

Engade que a frase “ao final do ano non suman o PIB” de corrixirse, neste sentido: “ao final do ano non suman o PIE (participación nos ingresos do estado)”.

Queda aprobada por unanimidade a acta núm. 3/2014, correspondente á sesión extraordinaria do 27 de xaneiro de 2014, que inclúe as correccións indicadas polo Sr. Reyes Santiás.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2014 (NÚM. 2/14).

O Sr. Alcalde pregunta aos presentes se queren formular algunha observación a acta núm. 2/2014.

O Sr. Reyes Santiás di que na intervención que tivo lugar por parte da súa compañeira María Gómez Bugallo, na proposición do grupo municipal do PSdeG relativa ao subministro, instalación e equipamento dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia, atopan que faltan algunhas expresións literais da súa compañeira; como por exemplo, algunha referencia que fai ao prestige, cando se refire a declaracións de dona Ana Botella.

Intervén a seguir o Sr. Alcalde e indica que a acta de calquera sesión, expresa sucitamente os acordos tomados na mesma. Neste caso, non reflicte literalmente as intervencións de cada quen, como é normal, porque de reflexar as intervencións de cada quen, evidentemente a acta non tería trinta páxinas.

Neste sentido di que de reflectir algunha expresión literalmente terá que pedirse por parte do concelleiro ao secretario xeral do pleno. En calquera caso di que de ser posible incluír dita referencia eles non terán inconveniente ningún.

Queda aprobada por unanimidade a acta núm. 2/2014, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2014, coa inclusión da seguinte manifestación da Sra. Bugallo que substitúe á inicialmente reflectida: “a señora Botella, antes de ser alcaldesa foi concelleira de medio ambiente, e da súa boca saían perlas como “o planeta a de estar ao servizo do home”, “a polución non é nociva para a saúde dos cidadáns”, e en algo que nos cae moi cerca na catástrofe do Prestige, só hai un culpable o barco.

Tamén afirmou que os mendigos eran unha dificultade engadida á limpeza das rúas, outra perla e que a cenicienta é un exemplo para a nosa vida polos valores que representa, recibe os malos tratos sen rechistar, e busca consolo no recordo da súa nai.”

3. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: CORRECCIÓN DE ERROS NA FICHA D-070 (CONXUNTO EN CASAL DA HORTA), CREACIÓN DA FICHA D-070 BIS (PAZO DE LERMO) E INCORPORACIÓN AO CATÁLOGO DUN ELEMENTO DE INTERESE ETNOGRÁFICO COA REFERENCIA F-134 (POMBAL).

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 31 de outubro de 2013, aprobou inicialmente a modificación puntual do catálogo do PXOM á que vai referido o presente epígrafe.

Dito expediente estivo exposto ao público durante o prazo de dous meses, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, ademais de notificarse o acordo de aprobación inicial aos interesados para os efectos de alegacións.

Así mesmo, concedeúselles un trámite de audiencia aos concellos limítrofes para os efectos de presentar durante o período de dous meses, as alegacións que estimasen oportunas.

Rematado o prazo de información pública e audiencia aos concellos limítrofes, o 2 de febreiro de 2014, presentouse unha alegación por dona Carmen Hortas Iglesias, co número de rexistro 5132.

Achegado ao expediente figura o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

O informe que emitiu o 19 de febreiro do presente ano a xefa da sección de xestión urbanística, previo á aprobación provisional, é o que a continuación se transcribe:

“O proxecto de referencia formúlase de oficio polo Concello, a través dos Servizos Técnicos da Área de Urbanismo, co obxecto de corrixir o erro detectado na ficha D-070 do Catálogo de bens culturais do Plan xeral vixente, e, ao mesmo tempo, incorporar dous novos elementos (D-070 bis e F-134) que se consideran merecedores de protección.

Na memoria do documento, redactada polos técnicos municipais, indícase o seguinte, a respecto das determinacións do Plan xeral vixente e da necesidade de abordar a súa modificación puntual cos obxectivos indicados:

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Santiago de Compostela, aprobado definitivamente por Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de datas 3 de outubro de 2007 e 1 de setembro de 2009, inclúe, entre as súas determinacións, o Catálogo dos elementos que, polos seus valores naturais ou culturais, deben ser obxecto de protección, segundo esixe o artigo 53.1.f) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

O Catálogo do Plan xeral contén unha ficha individualizada de cada elemento catalogado, na que se recolle a súa denominación, localización, tipoloxía, descrición, estado de conservación, grao de protección e cualificación urbanística, e na que se insiren fotografías e plano de situación ou de emprazamento. Por outra banda, cada elemento catalogado posúe unha referencia ou clave de identificación que se reflicte nos correspondentes planos de ordenación do PXOM, e que coincide coa da respectiva ficha de catálogo.

No Catálogo do Plan xeral vixente figura coa referencia D-070 un conxunto en Casal da Horta, que se describe na ficha de catalogación como “arquitectura tradicional, chemineas, alpendres, hórreos...”

Na mesma ficha descríbese o elemento catalogado como un conxunto rural, en bo estado de conservación, e incorpórase unha fotografía do conxunto e un plano de localización sobre a cartografía municipal. Para a localización do elemento a ficha remítese ao plano I-22 do PXOM no que, efectivamente, aparece un elemento coa referencia D-070.

Por outra banda, compróbase que noutro plano diferente do Plan xeral, no plano I-21, aparece outro elemento coa mesma referencia D-070, é dicir, estase atribuíndo a dous bens diferentes, situados en emprazamentos distintos, a mesma referencia e ficha de catalogación.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA MODIFICACIÓN

Efectuada visita ao emprazamento indicado na ficha D-070 -localizado no plano I-22 do PXOM-, compróbase que a edificación existente nese lugar é un pazo en ruínas de principios do século XX, de tipo rexionalista-historicista, de xeito que non se corresponde co ben descrito na ficha de catalogación nin co que aparece na fotografía nela incluída. Poren, tamén se comproba que a descrición e a fotografía incluída na ficha si se corresponden coas edificacións sinaladas no plano I-21 do PXOM, tamén coa referencia D-070, situadas nun emprazamento próximo ao anterior.

En consecuencia faise preciso emendar o erro detectado a fin de permitir a correcta identificación do conxunto rural catalogado na ficha D-070, que se corresponde co emprazado no plano I-21.

Así mesmo, e polo que atinxe á construción identificada no plano I-22, pese ao evidente deterioro que ten sufrido a construción orixinal e a situación de práctica ruína do Pazo, do que apenas se conservan os muros perimetrais e algúns elementos accesorios, estímase conveniente a súa catalogación en canto exemplo da arquitectura rexionalista da época, da que se conservan escasos vestixios no ámbito rural.

No contorno do Pazo, pero formando parte doutra parcela catastral, atópase un pombal así mesmo digno de protección como elemento menor, dado o seu interese etnográfico.

En consecuencia, faise preciso corrixir os erros detectados na ficha de catalogación D-070, por unha banda, e, por outra, incorporar ao Catálogo as fichas correspondentes ao Pazo de Lermo e ao pombal que se conserva no seu contorno.

A modificación proposta vén así xustificada pola consecución dos seguintes obxectivos de interese público:

- A necesidade de rectificar os erros advertidos en canto ao emprazamento e descrición do conxunto catalogado en Casal da Horta (D-070), adaptando os datos da ficha de catalogación á realidade.
- A preservación dos restos do antigo Pazo do Lermo e do pombal existente no seu contorno, en consideración ao seu interese cultural e etnográfico.

Cos anteditos obxectivos, propónse a corrección da ficha de catalogación D-070 (Conxunto en Casal da Horta), e a incorporación ao Catálogo das fichas correspondentes ao Pazo do Lermo (D-070 BIS) e pombal (F-134), reflectindo a súa referencia nos respectivos planos de ordenación afectados (I21 e I22)

1. Tramitación

Segundo dispón o artigo 75 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), os catálogos son instrumentos complementarios dos plans, cuxa función é identificar os elementos protexidos e as actuacións precisas para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

O artigo 53.1.f) da LOUG atribúe ao Catálogo a natureza de contido ou determinación necesaria do Plan xeral, polo que, de acordo co esixido polo artigo 93.4 da mesma Lei, calquera modificación que afecte ás determinacións do catálogo haberá de suxeitarse ao procedemento regulado polo artigo 85 para a aprobación do planeamento xeral.

No suposto que nos ocupa, a Modificación proposta podería considerarse como unha corrección ou rectificación de erros no que atinxe á ficha do conxunto catalogado en Casal da Horta (D-070). Polo que respecta ao Pazo e pombal de Lermo, se ben podería entenderse que a súa catalogación se atopaba xa prevista no plano I22 do vixente PXOM, as operacións a realizar para incorporar as respectivas fichas de Catálogo exceden da mera rectificación material, en canto conlevan unha avaliación do estado e interese dos bens afectados, polo que se estima conveniente aplicar o procedemento de Modificación do Plan xeral.

No presente caso, ao non concorrer ningún dos supostos de modificación cualificada tipificados polo segundo parágrafo do precitado artigo 93.4, non resulta preceptivo obter o informe da Consellería de Medio Ambiente con carácter previo á adopción do acordo de aprobación inicial, de maneira que a administración autonómica só intervéñen no acto de aprobación definitiva do expediente.

Tampouco resulta preciso someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa innecesariedade mediante Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 14 de xuño de 2013.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o día 31 de outubro de 2013, e someteuse ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia de data 5 de decembro, e nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia do día 4 de decembro de 2013. Simultaneamente, outorgouse un trámite de audiencia aos Concellos limítrofes.

Durante os referidos trámites formulouse unha única alegación, asinada por D^a CARMEN HORTAS IGLESIAS, que solicita a flexibilización das condicións de protección dos inmobles sinalados cos números 64 e 66 da rúa do Hórreo.

A alegación presentada, se ben refírese á normativa de protección de dous inmobles incluídos no Catálogo do vixente Plan xeral de ordenación municipal, excede do ámbito da presente Modificación, a cal se atopa limitada a concretos elementos na zona de Casal da Horta, sen implicar en ningún caso a descatalogación de elementos ou caracteres protexidos polo plan vixente.

Durante o trámite de información pública solicitouse o informe do director xeral do Patrimonio Cultural, que resultou emitido favorablemente o día 3 de febreiro de 2014 (expediente 2013/728)

Con carácter previo á aprobación inicial obtívose o informe favorable do secretario xeral do Pleno Municipal, asinado o 22 de outubro de 2013.

2. Proposta de aprobación provisional

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Inadmitir a alegación presentada por D^a CARMEN HORTAS IGLESIAS, por non gardar relación directa co obxecto e contido da Modificación inicialmente aprobada, sen prexuízo de proceder ao estudo da súa solicitude, en procedemento separado.

b) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Catálogo de bens culturais do Plan xeral, segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos Servizos Técnicos da Área de Urbanismo, sen modificacións respecto ao aprobado inicialmente, que afecta aos seguintes elementos:

Elemento catalogado	Referencia catastral	Propietario catastral
D-070 Conxunto en Casal da Horta	002200100NH35B0001ZW	Hrs. Domingo Mallo Liste
	002200200NH35B0001UW	Hrs. Concepción Mallo Vites
	002200300NH35B0001HW	María Paz Movilla Mirelis
D-070 bis Pazo de Lermo	15079A129000010000QO	Hrs. Carmen de Andrés Moreno
F-134 Pombal en Lermo	000200100NH34H0001BH	Josefa Isaura Negro Fernández

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

c) En cumprimento do esixido polo artigo 85.7 da LOUG, remitir o documento provisionalmente aprobado, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que emita a resolución que proceda sobre a súa aprobación definitiva.

A Modificación entenderase aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a súa resolución (artigo 85.10).”

Intervén, en primeiro lugar dona María Pardo. Indica que o proxecto de referencia fórmase de oficio polo concello, co obxecto de corrixir o erro detectado na ficha D-070 do Catálogo de bens culturais do Plan xeral vixente, e ao mesmo tempo, incorporar dous novos elementos que se consideran merecedores de protección.

O Catálogo do Plan xeral contén unha ficha individualizada de cada elemento catalogado, na que se recolle a súa denominación, localización, tipoloxía, descrición, estado de conservación, grao de protección e cualificación urbanística, e na que se insiren fotografías e plano de situación ou de emprazamento. Comprobase que o Plan

está atribuíndo a dous bens diferentes situados en emprazamentos distintos a mesma referencia e ficha de catalogación.

Xustifícase a necesidade e oportunidade de dita modificación nunha visita efectuada ao emprazamento ubicado na ficha D-070, comprobándose que a edificación existente nese lugar é un Pazo en ruínas de principios do século XX, de tipo rexionalista, historicista, de maneira que non se corresponde co ben descrito na ficha de catalogación, nin co que aparece na fotografía nela incluída.

En consecuencia, faise preciso emendar o erro detectado a fin de permitir a correcta autentificación do conxunto rural catalogado na ficha D-070. No entorno do Pazo, pero formando parte doutra parcela catastral, atópase un palomar, así mesmo, digno de protección, como elemento menor, dado o seu interese etnográfico.

Polo tanto, faise preciso corrixir os erros detectados en dita ficha, por un lado, e por outro incorporar ao catálogo as fichas correspondentes ao Pazo de Lermo e ao palomar que se conservan no seu entorno.

En resumo, a modificación proposta ven así xustificada, pola consecución dos seguintes obxectivos de interese público:

A necesidade de rectificar os erros advertidos en canto ao emprazamento e descrición do conxunto catalogado en Casal da Horta, adaptando os datos da ficha de catalogación á realidade.

E segundo, a preservación dos restos do antigo Pazo de Lermo e do palomar existente no seu entorno, en consideración ao seu interese cultural e etnográfico.

Dona Mercedes Rosón di que a Sra. Pardo se esqueceu de falar das alegacións. Refírese a que houbo unha alegación que se desestima moi correctamente, e engade que eles en coherencia co seu voto na aprobación inicial no pleno do mes de outubro do ano 2013, van votar favorablemente esta proposta de corrección e modificación do plan xeral.

Xa que logo, de conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e vivenda e medio ambiente de data 24 de febreiro de 2014, e consonte cos informes transcritos con anterioridade, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda:

a) Inadmitir a alegación presentada por D^a CARMEN HORTAS IGLESIAS, por non gardar relación directa co obxecto e contido da Modificación inicialmente aprobada, sen prexuízo de proceder ao estudo da súa solicitude, en procedemento separado.

b) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Catálogo de bens culturais do Plan xeral, segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos Servizos Técnicos da Área de Urbanismo, sen modificacións respecto ao aprobado inicialmente, que afecta aos seguintes elementos:

Elemento catalogado	Referencia catastral	Propietario catastral
D-070 Conxunto en Casal da Horta	002200100NH35B0001ZW	Hrs. Domingo Mallo Liste
	002200200NH35B0001UW	Hrs. Concepción Mallo Vites
	002200300NH35B0001HW	María Paz Movilla Mirelis
D-070 bis Pazo de Lermo	15079A129000010000QO	Hrs. Carmen de Andrés Moreno
F-134 Pombal en Lermo	000200100NH34H0001BH	Josefa Isaura Negro Fernández

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á REPOSICIÓN DE ÁRBORES QUE SUBSTITÚAN AOS QUE FORON TALADOS.

Entra no Salón de Plenos dona Marta Álvarez-Santullano.

Con data 19 de febreiro do 2014, o grupo municipal socialista presentou unha proposición do seguinte teor:

“O pasado 3 de febreiro, na Avenida das Burgas, no campus sur de Santiago, diante dunha escola infantil privada, apareceron talladas tres plataneiros centenarios. Estas árbores formaban parte da paisaxe urbana da Residencia Universitaria e son testemuñas da historia dos xardíns do Campus. Coa talla destas especies rompeuse a harmonía na plantación aliñada e creouse un espazo desacorde co conxunto do arborado desa beirarrúa da Avenida das Burgas.

A talla de árbores claramente prexudica o medio ambiente. Estas árbores de gran tamaño formaban parte dos “pulmóns” da cidade e contribuían á mellora da calidade do aire, servindo de pantalla protectora do vento, daban sombra e axudaban a refrescar o ambiente os días de calor.

Non debemos esquecer que o Plan Especial do Campus Universitario cataloga no seu conxunto a disposición e ordenación arbórea formando avenidas na Residencia Universitaria. O Grupo Municipal Socialista xa denunciou publicamente estes feitos, non tendo coñecemento de que o goberno explicase os motivos polos que se levou a cabo esta talla á que o noso grupo non lle atopa ningún sentido e que incluso poderíamos cualificar de “arboricidio” ou atentado medioambiental.

Consideramos necesario dar explicacións á veciñanza dos motivos da talla, quen a autorizou e se existe algún informe técnico que indicase a necesidade de realizala, ou ben se hai aberto algún expediente de disciplina urbanística para clarexar e sancionar ao(s) responsable(s) da mesma.

Por todo o exposto é polo que o **GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA** presenta ao Pleno da Corporación a **PROPOSICIÓN** seguinte:

Que o Pleno da Corporación acorde esixir a plantación inmediata por quen corresponda de tres novas árbores no lugar onde se procedeu á súa talla, reponendo a paisaxe e o ordenamento na avenida afectada.”

Dona María Gómez Bugallo pregúntalle á Sra. Pardo porque se talaron as árbores da residencia universitaria.

Relata que o pasado 3 de febreiro, na Avenida das Burgas, no Campus Sur de Santiago, diante dunha escola infantil privada, apareceron talados tres plataneiros centenarios. Estas árbores formaban parte da paisaxe urbana da Residencia Universitaria e son testemuñas da historia dos xardíns do Campus. Coa tala destas especies rompeuse a harmonía na plantación aliñada e creouse un espazo desacorde co conxunto do arborado desa beirarrúa da Avenida das Burgas.

A tala de árbores claramente prexudica o medio ambiente. Estas árbores de gran tamaño formaban parte dos “pulmóns” da cidade e contribuían á mellora da calidade do aire, servindo de pantalla protectora do vento, dando sombra e axudaban a refrescar o ambiente os días de calor.

O Plan Especial do Campus Universitario cataloga no seu conxunto a disposición e ordenación arbórea formando avenida na Residencia Universitaria. Di que o Grupo Municipal Socialista xa denunciou publicamente estes feitos, non tendo coñecemento de que o goberno explicase os motivos polos que se levou a cabo esta tala á que o seu grupo non lle atopa sentido ningún e que incluso podería cualificar de “arboricidio” ou atentado medioambiental.

Consideran necesario dar explicacións á veciñanza dos motivos da tala, quen a autorizou e se existe algún informe técnico que indicase a necesidade de realizala, ou ben, se hai aberto algún expediente de disciplina urbanística para clarexar e sancionar ao(s) responsable(s) da mesma.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal socialista presenta ao pleno da corporación a proposición seguinte:

Que o Pleno da Corporación acorde esixir a plantación inmediata por quen corresponda de tres novas árbores no lugar onde se procedeu á súa tala, repoñendo a paisaxe e o ordenamento na avenida afectada.

Dona Elvira Cienfuegos di que pouco queda que engadir ao xa dito ao respecto da importancia ambiental, social e paisaxística das árbores en xeral e das do Campus en particular.

Non en tanto, quere insistir en que esa importancia viuse reflectida no Plan Especial de ordenación do campus universitario, que protexe o arborado e a súa disposición, e polo tanto, a aliñación de plátanos da avenida das Burgas. A tala de tres exemplares, ademais contiguos, rompe ás claras a aliñación e interrompe o aspecto abovedado que conferían á avenida.

Unha intervención destas características, que vulnera a protección, ten que estar debidamente xustificada e probablemente, autorizada pola comisión de patrimonio. Descoñecen as razóns argumentadas como tamén descoñecen o que obra no expediente relativo á tala e agardan que a intervención da concelleira responsable da área aclare estes aspectos.

En calquera caso, sen entrar na consideración de seres vivos, xa que logo, insubstituíbles de cada un dos exemplares arbóreos, o que non lles parece optativo nin aprazable é a súa substitución por exemplares da mesma especie e de porte o máis achegado posible aos xa eliminados. Como se faría coas partes dun edificio catalogado, procurando a súa reposición para o mantemento das características do conxunto.

O obxectivo neste caso é recuperar a disposición, ordenación e a bóveda vexetal que había na avenida. Ademais, están no momento estacional adecuado para a plantación de novos exemplares. Por mor do exposto di que o BNG votará favorablemente a proposición do grupo socialista de reposición inmediata das tres árbores que agora faltan.

Dona María Pardo Valdés di que antes de entrar a explicar o porqué da tala destes árbores, non quere perder a ocasión de responder á señora María Bugallo en varias cousas que dixo. Estránalle que fíxese mención a unha escola infantil privada, pois segundo á súa opinión os nenos, sexan de escolas públicas ou privadas, merecen protección da súa seguridade. Dille á Sra. Bugallo que se tanto lle preocupa o Campus, como tema previo, gustaríalle recordar o convenio que asinaron no ano 2005, comprometéndose a melloralo, mantelo e coidalo, e sen embargo non investiron nada.

Di que no ano 2011, no mes de outubro, o seu compañeiro D. Juan de la Fuente, destinou xa trescentos mil euros a mellorar o Campus. Admite que vai presumir das

zonas verdes de Santiago, fíxoo en moitas ocasións, e sempre dixo que é produto dun planeamento ben pensado e dunhas zonas verdes ben pensadas, nos momentos nos que se fixo nos anos 80-90 e non ten ningún problema en dicilo.

En relación ao tema concreto das talas das árbores, expón que o único que se fixo foi dar resposta a unha situación de perigo de caída de árbores e ramas nesa zona. É unha resposta a unha instancia presentada por Solucións Educativas Compostela, SA que son os titulares da escola infantil privada situada nesta zona do Campus, concretamente, na zona de acceso a esta escola, que foi reurbanizada conforme a un proxecto presentado e aprobado pola comisión asesora do casco histórico en setembro do ano 2010. Entende que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego que estaban naquela comisión e eran equipo de goberno, coñecían a reurbanización e a mellora da accesibilidade ao camiño que alí se atopa.

Píden que se valore o risco de precipitación de ramas das árbores á vía pública por parte do Concello de Santiago, e se realice unha poda, xa que a mencionada escola abrirá as súas portas para o curso académico 2012-2013, engadindo que na mesma rúa, xa se practicou unha poda selectiva, concretamente enfrente do instituto.

Indica que para realizar calquera actuación deste tipo, o concello tivo que verificar dous pasos previamente. O primeiro que o emprazamento destes árbores se sitúa en zona pública, algo demostrado polo informe emitido polo departamento de patrimonio do concello.

No que atinxe ao estudo relativo á situación dos mesmos e ás posibles solucións, di que se fixo en xaneiro de 2013, entregouse ao concello en xaneiro de 2013 e consta de 58 páxinas por ambas carillas, nas que trata un a un, non só as árbores taladas, senon todas as árbores da marxe esquerda da Avda. das Burgas. Todo iso, atendendo a un criterio fundamental, a seguridade dos nenos e a seguridade dos usuarios da vía pública.

Con data 25 de xaneiro de 2013, concluíuse o informe de valoración de risco e testificación instrumental de varios exemplares de plátanos ubicados na aliñación deste marxe esquerda da avenida das Burgas.

Despois de realizar unha análise dos datos obtidos entre o plano de situación e ficha dos exemplares e o estudo de risco, conclúese que dos 36 exemplares inspeccionados, détectanse defectos susceptibles de provocar danos en once, o cal non quere dicir, que os demais non vaian producir danos. Considérase necesario, rebaixar a carga das copas de todos os exemplares.

O experto que realiza o informe propón as seguintes liñas de actuación: recomenda que se talen os exemplares 8, 9, 10 e 11, por considerar que poden provocar un risco grave a

terceiros, e tamén aos nenos usuarios de colexios privados. Para os demais exemplares propón o rebaixe da súa copa de forma proporcional á súa capacidade de sustentación.

Por outra banda contempla exemplares nos que ademais se realizará un rebaixe de copa de maior calado en concreto nos números 1, 3, 4, 5, 6 e 7. Polo tanto, cren que o concello actuou dentro da legalidade, atendendo a razóns de seguridade e protección dos cidadáns e dos menores que acuden a esa escola, e das persoas que pasean por ese lugar. Cren que actuaron correctamente para evitar danos a persoas e responsabilidades do concello.

Salienta que este inverno houbo máis de sete cicloxéneses explosivas. Por mor delas, na zona urbana caeron máis de cen árbores, moitos deles centenarios. Basta darse un paseo por Santiago de Compostela. Refírese por exemplo a San Lourenzo onde hai carballos que caeron de gran tamaño e á zona de San Caetano, entre outras.

Admite que se van substituir, pero previo estudio. A este respecto di que espera que non se volvan a plantar plátanos nas beirarrúas de Santiago, e dille ao señor Rama que el sabe o custo que ten despois para as arcas municipais o plantar este tipo de árbores indiscriminadamente polas zonas de Fontiñas, Cancelas, Sar, etc.

Toma a palabra o Sr. Alcalde a continuación e dille á Sra. Cienfuegos que lle sorprende que defenda unha árbore que non é autóctona de Galicia, pois o plátano é unha árbore tropical e que ademais solicite que se planten novos plátanos, sobre todo cando aquí hai carballos e castaños.

Lembra que a carón desa parcela hai outra parcela ocupada por outro centro educativo, instituto Arcebispo Xelmirez. Nela no ano 2009 fíxose a poda, que el calificou de traumática xunto coa dirección do centro, de seis plátanos da mesma idade que estes, xusto na Avda. das Burgas.

Relata tamén que na parte de abaixo, cara Poza de Bar e na parte contra o sanatorio da Esperanza, o Concello de Santiago, o departamento daquela da Sra. Cienfuegos, podou e cortou, e pregunta se daquela houbo informe da comisión de patrimonio.

Dona María Gómez Bugallo pregúntalle á señora Pardo porque non o escoitou, cantas ramas caeron desas árbores. Tamén quere saber na comisión á que fixo alusión na que se recomendou a substitución das árbores, quen asinou o estudio que se mostrou.

Pensa que podería chamala María máns serras, porque as árbores tamén se poden podar, non canto de talar. Di que non só está a falar deste caso, senón que hai máis lugares nos que se talou, por exemplo, na rúa dos Castaños taláronse cinco árbores.

Di que no canto de talar tería que dar unha volta polo Paseo dos Leóns na Alameda ata o mirador, e comprobar a urxencia de arranxar as árbores que impiden unha das mellores vistas da cidade.

Alude a que no tema que lles ocupa, no da rotonda de Galeras, ou no do parque infantil da Praza de Galicia, a Sra. Pardo ten pasado e ninguneado á comisión de patrimonio da cidade histórica. Pregúntalle que di disto a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta, e por que non levou este tema a dita comisión.

Refírese a que o Decreto 199/2012, de 27 de decembro da Xunta de Galicia, relativo á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello, no punto oitavo di: “duración da delegación: o período de duración da delegación será de dez anos, prorrogables tácitamente, excepto cando por razóns debidamente xustificadas o delegante acorde en calquera momento, revisar ou avocar a competencia, (...) de conformidade co procedemento legalmente establecido”. Di que ven de ler este apartado porque pola súa mala xestión, corren o risco de perder estas competencias, que tanto benefician á cidade. Para rematar di que dende o grupo socialista nos próximos días presentarán unha denuncia por delito medioambiental.

Dona Elvira Cienfuegos di que eles entenden que hai que coidar as situacións de risco e evitalas na medida do posible. O que lles chama a atención e que só se fagan nesta zona, e non noutras que veñen demandando reiteradamente, como na zona dos centros de Lamas de Abade, na que distintos piñeiros que son municipais, están a crear situacións conflitivas.

Clarexa que non está a demandar plantar árbores da especie de plátanos orientais, porque lle parezan máis interesantes. Está a facelo porque está protexida a aliñación e está protexida a disposición e a ordenación desa zona; unha protección que data do ano noventa e tantos. A razón pola que se refire a esa especie concreta é para manter a continuidade e as características que tiña anteriormente que é o que está protexido.

Foi no ano 2009, a Consellería na que xa gobernaba o Partido Popular, quen deu orde de podar en exceso as árbores do Instituto Xelmirez I. Non lembra como rematou, pero sí que dende entón coñece a protección que ten esa avenida, e por iso, se fixeron xestións a ese respecto. Tamén refírese a que a poda non é o mesmo que a tala.

Entende que se quedaron sen o 60% das raíces haxa que retiralas, inmediatamente e proceder tamén a replantalas. O que están a pedir é que repoñan, para manter as características que había.

Opina que non é a comisión asesora a que é competente nese caso, porque están a falar do plan especial do campus sur e non das zonas de rehabilitación. En calquera caso,

quere saber se eses argumentos foron ratificados pola comisión de patrimonio, e por suposto, que se leve a cabo a plantación para a substitución dos exemplares que xa había.

Dona María Pardo contesta que se van repoñer, conservando a aliñación, pero tamén mirando pola seguridade e enraizamento dos mesmos. Niso está a traballar o departamento de parques e xardíns, dende o momento da súa tala. Precisa que necesitan o seu tempo para facer ben o seu traballo, e non ir plantándoos de maneira irresponsable, como pasou noutras épocas.

Verbo do perímetro azul, dille á señora Bugallo que entende que non leva todo o mandato aquí, pero clarexa que a delegación do perímetro azul conseguiua ela para gran alegría da señora Rosón, que dixo que era idea súa pero que levaba dez anos intentándoo. Ela pola contra o conseguiu en seis meses.

Estránalle a preocupación sobre cantas ramas caeron e cre que non ten que esperar a que se caia unha árbore e a que haxa unha desgracia. Pregúntalle se sabe o que é a palabra prevención e se sabe o que é un estudio preventivo. Nel vese cal é o risco de caída e por iso antes de que caian, tálanse. A seguridade está por encima de todo, ao igual que no parque de Ramirez. Eles non van esperar a que caia a árbore, para ver se produce danos ou nas persoas ou nos nenos, e despois actuar.

O que se fai responsablemente cando hai unha voz de alarma duns cidadáns, ou dunha empresa privada que pon unha gardería é encargar un estudo dentro da concesión que ten o Concello de Santiago coa empresa CESPAs de todas as árbores que se lles encargue e actuar en consecuencia. O autor do estudo é un enxeñeiro agrónomo, colexiado polo colexio oficial de enxeñeiros agrónomos, co número 492, Jorge Prieto Sevilla. Dí que poderían ter pedido a copia dese estudo e llela terían entregado.

Opina que o Partido Socialista, antes de mirar un tema, esperar a que lle entregue un informe, mirar o tema de forma pausada, prefire acudir á prensa e facer unha denuncia á fiscalía de medio ambiente, no canto de actuar responsablemente e facer unha denuncia con fundamento. Remata dicindo que o concello actuou de maneira responsable, antes de que houbera unha desgracia e fíxoo en base aos informes.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que xa se imaxinaba que a señora Cienfuegos non lle ía a contestar. Precisa que isto non o ordeou ningunha consellería, senón que o fixo o goberno municipal de oficio e de forma que el calificou traumática no ano 2009. Pregúntalle tamén á señora Cienfuegos polas árbores de abaixo se é que se talaron porque non interesaban, ou se supoñían un risco tamén para os alumnos. Finalmente pregúntase se é que o Bloque Nacionalista Galego quere que planten plátanos no canto de carballos e de castaños, o que considera unha gran noticia.

Don Bernardino Rama formula unha cuestión de orde en base ao artigo 69 do Regulamento, no sentido de que as afirmacións da portavoz do goberno municipal figuren literalmente.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, acorda rexeitar a presente proposta.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DA LEI DO ABORTO.

O 19 de febreiro do 2014 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello unha proposición do grupo municipal socialista, relativa á retirada do anteproxecto da lei do aborto que ten o seguinte contido:

“O aborto é unha realidade en todas as sociedades do mundo, e é a sociedade a que dotándose de leis xustas adaptadas a cada momento histórico debe protexer os dereitos das mulleres que deciden interromper un embarazo non desexado, do mesmo xeito en que debe protexer os dereitos daquelas que desexan continuar co seu embarazo.

A autonomía reprodutiva das mulleres tradúcese na posibilidade de decidir libre e responsablemente se opta pola maternidade ou non, cando e con quen, ou interromper un embarazo non desexado.

Abortar é unha decisión persoal que debe respectarse en base ao recoñecemento dos dereitos fundamentais das persoas.

Os dereitos humanos fundaméntanse no respecto á dignidade da persoa, á que se lle recoñece a capacidade para obrar en conciencia, sendo estes valores universais independentemente de calquera crenza ou práctica relixiosa.

Os Dereitos Sexuais e Reprodutivos (DS e R) están baseados na liberdade e na dignidade; ocorren no máis íntimo dos territorios, o corpo humano; son universais e están recoñecidos internacionalmente.

Son varias as conferencias internacionais que sustentan a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e os dereitos sexuais e reprodutivos, que están recoñecidos en leis nacionais e internacionais. Os gobernos que as referendaron teñen a responsabilidade de cumprilas. Nelas recóllese o dereito a decidir libremente ter ou non fillos/as, o número

de fillos/as que se desexa ter e o intervalo entre eles. É dentro deste dereito a decidir e controlar a propia fertilidade onde se enmarca a opción do aborto.

Entre as conferencias internacionais podemos citar:

- * Conferencia Mundial de Dereitos Humanos, Viena 1993.
- * Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento (CIPD), O Cairo 1994.
- * IV Conferencia Mundial sobre a Muller, Beijing 1995.
- * Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW), 1996.

O Goberno español, comprometido cos acordos adoptados nestas conferencias, non pode legislar en base a unha moral concreta senón que ten que preservar que o que para algunhas persoas é pecado non se converta en delito para o resto. Paralelamente e de acordo aos mesmos compromisos, un estado aconfesional e democrático debe garantir que as políticas públicas non reciban inxerencias de ningunha moral relixiosa, en particular as políticas de educación, saúde e xustiza.

As lexislacións restritivas nunca serviron para evitar a práctica do aborto, senón que son a causa dun maior índice de morbi-mortalidade materna. En América Latina, por exemplo, practícanse 3.700.000 abortos inseguros, sendo o risco de morte por esa causa no conxunto destes países de 370 por cada 100.000 casos (OMS).

A reforma da lei levada a cabo polo PP non responde a unha demanda social, xa que a lei vixente estase aplicando sen dificultade en todas as Comunidades Autónomas incluídas aquelas onde o PP goberna. En consecuencia, todo leva a pensar que responden ás presións do sector máis conservador e próximo á xerarquía católica do seu electorado.

O ministro de Xustiza fundamenta as súas propostas nalgúns afirmacións que non se axustan á verdade. Con frecuencia referiuse á sentenza do Tribunal Constitucional de 1985 como aval para eliminar a preponderancia dos dereitos das mulleres sobre os da vida en evolución (ben xurídico a protexer) cando aquela sentenza sinalaba con claridade que só ás mulleres recoñécenselle os dereitos fundamentais. O Tribunal Constitucional estableceu sen ningún xénero de dúbidas que a protección xurídica ao non nato non pode estar por encima dos dereitos fundamentais das persoas e que é a partir do nacemento e cando se lle considera persoa titular de dereitos.

O Sr. Gallardón utiliza a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas para avalar as súas teses confundindo os conceptos de deficiencia ou anomalía con discapacidade. En ningún apartado da citada Convención se fala do

discapacitado non nacido, concepto contrario á propia definición de discapacidade xa que esta nunca pode darse antes do nacemento ao definirse como a longo prazo e a interactuar co medio.

Atopámonos ante unha reforma que é innecesaria, non demandada pola cidadanía, que só vai traer inseguridade xurídica para os profesionais da saúde, recorta os dereitos fundamentais das mulleres retrocedendo ás épocas máis escuras da nosa historia e que nos aliña cos países máis retrógrados da nosa contorna para satisfacer as demandas dos sectores máis conservadores da sociedade.

As mulleres van seguir decidindo cando e con quen van ter os seus fillos e van continuar abortando. O que van determinar as leis é as condicións nas que o farán, se é con garantías xurídicas e sanitarias ou na ilegalidade e con risco para a súa vidas as mulleres con baixo poder adquisitivo, ou no estranxeiro as que se poidan permitilo. Isto e non outra cousa é o que se debate cando se fala de modificar a lei que regula o aborto.

Por isto traemos a este pleno a seguinte **PROPOSICIÓN:**

Instar ao Goberno Central á retirada do anteproxecto de lei de regulación do aborto.”

Dona Mar Martín di que o aborto é unha realidade en todas as sociedades do mundo. Di que a sociedade dotándose de leis xustas adaptadas a cada momento histórico debe protexer os dereitos das mulleres que deciden interromper un embarazo non desexado, do mesmo xeito que debe protexer os dereitos daquelas que desexan continuar co seu embarazo.

A autonomía reprodutiva das mulleres tradúcese na posibilidade de decidir libre e responsablemente se optan pola maternidade ou non, cando e con quen, ou interromper un embarazo non desexado. Abortar é unha decisión persoal, que debe respectarse en base ao recoñecemento dos dereitos fundamentais das persoas.

Os dereitos humanos fundaméntanse no respecto á dignidade da persoa, á que se lle recoñece a capacidade para obrar en conciencia, sendo estes valores universais, independentemente de calquera crenza ou práctica relixiosa.

Os dereitos sexuais e reprodutivos están baseados na liberdade e na dignidade; ocorren no máis íntimo dos territorios: o corpo humano; son universais e están recoñecidos internacionalmente. Son varias as conferencias internacionais que sustentan a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e os dereitos sexuais e reprodutivos, que están recoñecidos en leis nacionais e internacionais.

Os gobernos que as referendaron teñen a responsabilidade de cumprilas. Nelas recóllese o dereito a decidir libremente, a ter ou non fillos/as, a decidir o número de fillos/as que se desexa ter e o intervalo entre eles. Dentro deste dereito a decidir e controlar a propia fertilidade é onde se enmarca a opción do aborto.

Entre as conferencias internacionais poden citarse: Conferencia Mundial de Dereitos Humanos, Viena 1993. Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento (CIPD), O Cairo 1994. IV Conferencia Mundial sobre a Muller, Beijing 1995. Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW), 1996.

O Goberno español, comprometido cos acordos adoptados nestas conferencias, non pode legislar en base a unha moral concreta, senón que ten que preservar que o que para algunhas persoas é pecado, non se converta en delito para o resto.

Paralelamente e de acordo aos mesmos compromisos, un Estado aconfesional e democrático debe garantir que as políticas públicas non reciban inxerencias de ningunha moral relixiosa, en particular, as políticas de educación, saúde e xustiza.

As lexislacións restritivas nunca serviron para evitar a práctica do aborto, senón que son a causa dun maior índice de mortalidade materna. Cita como exemplo, América Latina, onde se practican 3.700.000 abortos inseguros, sendo o risco de morte por esa causa no conxunto destes países de 370 por cada 100.000 casos. Está a falar de case 14 mil mortes por leis restritivas á hora de legislar sobre o dereito ao aborto.

A reforma que pretende levar a cabo o PP non responde a unha demanda social, xa que a lei vixente aplicouse sen ningunha dificultade en todas as Comunidades Autónomas, incluídas aquelas onde o PP goberna. En consecuencia, todo leva a pensar que responden ás presións do sector máis conservador e próximo á xerarquía católica do seu electorado.

O ministro de xustiza fundamenta as súas propostas nalgúns afirmacións que non se axustan á verdade. Con frecuencia referiuse á unha sentenza do Tribunal Constitucional de 1985 como aval para eliminar a preponderancia dos dereitos das mulleres sobre os da vida en evolución (ben xurídico a protexer) cando aquela sentenza sinalaba con claridade que só ás mulleres se lles recoñecen os dereitos fundamentais.

O Tribunal Constitucional estableceu sen ningún xénero de dúbidas, que a protección xurídica ao “non nato” non pode estar por encima dos dereitos fundamentais das persoas e que é a partir do nacemento cando se lle coñece dito dereito.

O Sr. Gallardón utiliza tamén a Convención sobre os Dereitos das Persoas con

Discapacidade das Nacións Unidas para avalar as súas teses, confundindo os conceptos de deficiencia ou anomalía con discapacidade.

En ningún apartado da citada Convención fálase do discapacitado non nacido, concepto contrario á propia definición de discapacidade, xa que ésta nunca pode darse antes do nacemento, ao definirse como a longo prazo e a interacción co medio.

Considera que é unha reforma innecesaria, non demandada pola cidadanía. Só vai traer inseguridade xurídica para os profesionais da saúde e vai recortar os dereitos fundamentais das mulleres retrocedendo ás épocas máis escuras da nosa historia. Ademais alíñanos cos países máis retrógrados do noso contorno para satisfacer as demandas dos sectores máis conservadores da sociedade.

As mulleres van seguir decidindo cando e con quen van ter os seus fillos e van continuar a abortar. Da presente reforma dependerá se se fai con garantías xurídicas e sanitarias, ou na ilegalidade e con risco para a súa vida.

Expón a Sra. Cienfuegos que o oito de marzo celébrase o día da muller. Trátase dun día, dun mes para a reflexión e o compromiso no avance cara á igualdade real de homes e mulleres. Resulta que neste ano, para alén doutras preocupacións, desigualdades laborais e salariais, redución de recursos para a dependencia e a infancia, feminización da pobreza, hai unha preocupación que pola súa transcendencia, pola súa importancia e pola súa urxencia destaca sobre todas as demais: o anteproxecto de lei orgánica para protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada.

Boa proba é que está a ser un tema de debate en distintos foros, motivo de manifestacións e de actos diversos, de conformación e activación de plataformas en contra, etc. Destaca que boa parte da sociedade cuestiona abertamente a nova formulación que da lei 3/2010, está a facer o PP dende o goberno do Estado.

O BNG ten tentado repetidamente o pronunciamento do pleno a prol do mantemento desta lei que, aínda con carencias, viña funcionando razoablemente ben, como o proba o feito de que o número de interrupcións voluntarias do embarazo diminúa cada ano.

A pesar diso non só non conseguiron que se debateran as propostas no pleno municipal, senón que os anuncios previos do ministerio de xustiza foron avanzando ata conformar un anteproxecto de lei que supón un retroceso de décadas, que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva.

Un anteproxecto que sitúa ao Estado español entre os máis retrógrados do contorno, impulsado pola presión do sector social máis conservador e ligado a grupos ultra

relixiosos, que non responde, en ningún caso, a unha demanda social xeralizada, nin a criterios económicos ou sanitarios.

Quizás o resumo da motivación sexa o texto dunha viñeta del Roto que di: “como no creen en los pecados, los convertiremos en delitos”.

Di que o BNG tamén trae a este pleno unha moción para o rexeitamento do mentado anteproxecto e a demanda da súa retirada. Dita demanda coincide coa que ven de presentar o grupo socialista, e coincide así mesmo coa que formulan numerosas entidades sociais, algunhas das cales conformaron activas plataformas en contra da nova normativa.

Trátase dunha normativa que afonda nas desigualdades sociais e traslada a tempos pasados, cando as mulleres con recursos viaxaban ao estranxeiro para interromper o seu embarazo, mentres as que non os tiñan sometíanse a abortos clandestinos, con grave risco para a súa saúde. Como veñen alertando organizacións de mulleres e sindicatos, a nova normativa deixa nunha situación de desamparo a moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles vai quedar máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas.

Non debe esquecerse o feito de que aínda que haxa unha lei que non ampare o dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo, non significa que non se vaian realizar abortos.

A OMS estima que actualmente hai dezanove millóns de abortos anuais nos países nos que é ilegal. En resumo, por todo o que se leva dito, o BNG apoia decididamente a proposta do grupo socialista de retirada do anteproxecto de lei de regulación do aborto.

Dona María Castelao di que o seu partido xa manifestou a vontade de mellorar, debater, de incluír novas aportacións e diversos enfoques ao texto inicial da lei de protección da vida do concebido e dos dereitos da muller embarazada. Clarexa que nin sequera se trata aínda dun anteproxecto de lei, senón que é nada máis que un texto.

Non comprende moi ben qué interese pode haber en que se debata neste concello unha vez máis, unha cuestión que é claramente competencia estatal. Di que o presidente Rajoy xa se ten manifestado en diferentes ocasións ao respecto e onte mesmo tamén viron como se plantexaba esta cuestión no Parlamento de Galicia, e como o presidente Feijóo contestaba aos diferentes grupos da oposición.

Di que poden presentar as proposicións ás que teñen dereito, segundo o regulamento que eles mesmos redactaron e aprobaron, cando formaban parte do goberno, e que lles corresponden tres proposicións por grupo, pero di que aínda que sexan sobre árbores, lle

gustaría que fosen temas específicos sobre a cidade. Lembra que no pasado pleno podían ver como se falaba do parque infantil da Praza de Galicia.

Di que lles anima a que sigan a traer proposicións desas características, e non repeticións de mocións e proposicións que se plantexan en todos os concellos da nosa Comunidade Autónoma, e por riba, nin sequera teñen ámbito competencial nesta administración.

Di que tanto o Presidente Rajoy como o Presidente Feijóo, amosaron a súa intención de chegar ao máximo consenso posible sobre a reforma do aborto, dentro dos límites establecidos polo Tribunal Constitucional.

Indica que na sociedade existen diferentes puntos de vista no tocante á moral, en canto á ética, en canto á política, do contrario as bancadas que ocupan non terían moito sentido. Entende que non lles guste que haxa máis deste lado que dese, e que haxa máis do lado dereito do Pazo do Hórreo que do lado esquerdo, e que haxa proxectos de lei e propostas que contén coa maioría do apoio dos cidadáns; e unha delas é esta.

Di que foron os proponentes quen romperon o consenso que imperou no noso país e que acadou Felipe González cando era presidente do Partido Socialista e seguiu a formar parte das filas dese partido no ano 85 aprobando unha lei, que o Partido Socialista cambiou. Neste sentido di que o seu partido non cambiou, quen o fixo foi o Partido Socialista que modificou a lei e rompeu ese consenso que había no noso país.

O Partido Popular concorreu ás urnas nas últimas eleccións cun compromiso cos seus cidadáns e cos seus votantes: recuperar o consenso no tocante ao tema do aborto. Consenso perdido entre outras cuestións, pola preocupación de moitos pais e nais, porque ás fillas de dezaseis anos lles puideran practicar un aborto, xa non sen o seu consentemento, senón sen nin sequera poder acompañalas a un centro hospitalario.

Di que o texto inicial cumpre cun compromiso do Partido Popular e responde a unha demanda social, a demanda dos seus votantes que fixeron posible que no Congreso dos Deputados haxa 76 escanos de diferenza entre o grupo do Partido Popular e a oposición.

Recuperar o equilibrio establecido na doutrina do Tribunal Constitucional entre a protección do “non nacido” coa dos dereitos da muller que o Tribunal Constitucional equipara.

Di que a normativa que se pretende modificar mantíña á muller que abortaba dentro do Código Penal, que establece que a muller que aborta fóra dos supostos pode ser penada cunha multa de entre 6-24 meses. Por primeira vez con ese texto inicial, que pode ser

modificado e mellorado, a muller que aborte non terá responsabilidade penal de ningún tipo.

Opina que tamén é importante o labor de prevención, o labor de información aos cidadáns. En Galicia, por exemplo, coa creación dos centros “quérote máis”, aos que se lles deu un pulo importante na época do bipartito, que seguen a exercer un labor importante de informar aos xoves sobre os métodos anticonceptivos. Máis de cinco mil consultas sobre este tema se produciron no ano 2013 nestes centros.

O apoio á muller embarazada queda tamén perfectamente reflectido nese texto inicial. Neste sentido di que existe un compromiso, tanto dende o goberno central como dende o goberno da Xunta de Galicia, adquirido no pleno do Parlamento de Galicia por unha proposta popular aprobada por todos os grupos, de 46 medidas se non recorda mal, de apoio ao embarazo da muller e de apoio ao crecemento demográfico no noso país. Eles seguirán a traballar pola obtención dun consenso, e engade que é vontade do seu grupo chegar a un acordo en relación con esta proposición.

Por mor do anterior propón unha emenda transaccional a esta proposición, que estaría redactada do seguinte xeito:

“Instar ao goberno central a mellorar o anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concebido e dos dereitos da muller embarazada, procurando chegar ao máximo consenso posible coas distintas forzas políticas, tomando como referencia a lei de 1985 e dentro dos límites establecidos polo Tribunal Constitucional.”

Trala súa lectura di que se aceptan esta emenda eles votarán a favor da proposición e espera que sexa así, xa que é interese de todos chegar a un consenso.

Dona Mar Martín opón que cando se traballa con consenso, sobre todo, cando se traballa mirando de cara aos cidadáns sempre é moito máis fácil chegar a acordos, que cando o que se intenta é defender a capa e espada o que son propostas de partido. Neste caso di que este anteproxecto de lei ten que retirarse.

Relata que moitos sectores dende colexios profesionais, asociacións médicas, asociacións de psicólogos, sectores profesionais, asociacións de mulleres, etc, plantexaban que esta lei ten que retirarse.

Non pode ser que a muller sexa considerada menor de idade e que sexan os psiquiatras quen decidan se ten que abortar ou non. Non é posible que vaian á clandestinidade as mulleres que non teñen recursos para saír adiante, nin a inseguridade xurídica dos profesionais que vaian a practicar o aborto. Refírese tamén ás trabas que se lle poñen á muller á hora de poder decidir que ten que ir a un psiquiatra, despois a outro, despois a

unha traballadora social; como se as mulleres foran menores de idade, como se non soberan o que teñen que decidir.

Con todo isto vai correr o tempo e di que supón que non é o mesmo un aborto antes das doce semanas que se pode facer incluso con pastillas abortivas, que un aborto posterior. Con todos eses prazos a muller vai ter que practicar o aborto a través dunha aspiración ou legrado, co cal aumenta o risco.

Opina que cómpre consensuar unha nova lei do aborto e que sexa unha lei de prazos e por iso seguirán a loitar. Neste momento non plantexa unha lei de prazos, senón que esta lei se retire e se inicie novamente un diálogo, un debate, para elaborar unha nova lei.

Dona María Castelao precisa que só se trata dun texto inicial, nin sequera é un anteproxecto. Ela plantexou a posibilidade dunha proposta conxunta, pero a rexeitan, polo que entende que están lonxe do consenso.

Di que progresar, do que tanto presume a oposición, a eles lles gusta facelo na redución da débeda e nas cifras de investimento, pero di que hai bandeiras do progresismo que lles alonxan da realidade. Non cre que sexa peor que decida un psiquiatra que unha nena que nin sequera é maior de idade.

Reitera que a lei do ano 85 non xerou ningún debate, e houbo trinta anos de consenso en relación a este tema. Di que o Partido Popular si o levaba no programa electoral, e foron as urnas as que os respaldaron. Para rematar di que de non aceptar a emenda, eles votarán en contra, xa que o obxectivo do seu grupo é chegar a un consenso nesta cuestión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, acorda rexeitar a proposición do epígrafe.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á CONVOCATORIA DUN PLENO EXTRAORDINARIO E URGENTE PARA TRATAR O MAIOR ESCÁNDALO INSTITUCIONAL DESTA CIDADE DESTAPADO POLA OPERACIÓN POKEMÓN.

O grupo municipal do BNG, presentou o 19 de febreiro do 2014, unha proposición co contido que a seguir se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de convocar un Pleno extraordinario e urxente para tratar o maior escándalo institucional desta cidade destapado pola operación Pokemon e por outras causas xudiciais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo do levantamento parcial do segredo do sumario da operación Pokemon e das graves acusacións de diversos membros do Goberno municipal vertidas perante a xuíza Pilar de Lara, que se suman ás numerosas causas xudiciais abertas, cómpre debater e afrontar as responsabilidades políticas que correspondan con urxencia para evitar agrandar o deterioro institucional que padece o Concello de Santiago de Compostela. O Pleno, como órgano de máxima representación política da cidadanía, debe ser o lugar escollido pola Corporación para dar conta das consecuencias políticas ao abeiro destas investigacións.

Máis alá das responsabilidades xurídicas, que determinará a Xustiza, existen consecuencias políticas e sociais que afectan de cheo ao labor do grupo municipal do PP que, neste momento, ten 10 dos seus 13 membros imputados nalgunha causa xudicial e, por ese motivo, o alcalde debe darlle explicacións á Corporación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Convocarase un Pleno extraordinario e urxente para que o alcalde de Santiago ofrezca explicacións ás graves acusacións de evidente desgobierno expostas perante á xuíza da operación Pokemon por parte de membros do seu partido.”

Expón don Rubén Cela que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego trae para o debate esta proposición, porque o Sr. Alcalde non atendeu á súa petición de convocar un pleno extraordinario e urxente para dar explicacións nesta sala do maior escándalo institucional que se ten producido na historia de Santiago. É o mínimo que lles debe aos veciños/as que representa. Como era de agardar, fixo oídos xordos a súa proposta.

Di que son especialistas en usar e abusar das convocatorias extraordinarias e urxentes, cando non se debe e en eludilas cando son imprescindibles. Ao non convocar ese pleno, non lle están a dicir que non ao Bloque Nacionalista Galego, senón que están a lle dicir non ao conxunto de veciños e veciñas de Santiago que esixen unha explicación.

Dille ao Sr. Alcalde que xa sabe que o de dar explicacións, non é o seu, iso xa o deixou claro co debate do estado do municipio que o seu grupo leva dous anos a pedir de xeito reiterado e que segue sen realizarse, exclusivamente porque non quere, a pesar de que non é potestade súa decidir se se fai ou non, senón que é unha obriga regulamentaria.

Di que ninguén se imaxinaría que Rajoy tentara escabullirse de dar a cara no debate do estado da nación estes días. Pero isto é o que aquí estiveron a facer nestes tres anos. Sinala que hoxe ten unha última oportunidade e dilles que se lles queda un mínimo de decencia política, voten a favor desta proposición do BNG, convoquen para a vindeira semana un pleno extraordinario para falar da situación na que está sumido este concello, lastrado por unha pésima xestión e por prácticas presumiblemente corruptas no marco de diferentes operacións xudiciais. Pide que no prazo de quince días cumpran co regulamento do pleno e convoquen o debate do estado do concello.

A cidadanía está farta de excusas de mal pagador, repetidas sen convicción, como coartada para non dar ningunha explicación e non asumir ningunha responsabilidade. Hai que ser prudentes, hai que respectar a presunción de inocencia, imputado non é sinónimo de condenado. Di que o código ético do PP non lles obriga a dimitir mentres non se apliquen medidas cautelares. Non hai que facer xuízos paralelos, hai que agardar, porque non coñecen aínda todo o sumario, máximo respecto e total colaboración coa xustiza, á que lle demandan a máxima celeridade.

Ao respecto di que detrás de toda esta retórica do manual do perfecto imputado, o único que hai é unha atadura ao posto, unha falta absoluta da máis mínima autocrítica, e unha falta de asunción de responsabilidades polas súas propias accións.

Tentan confundir á opinión pública, mesturando responsabilidades legais, con responsabilidades políticas, pero di que por moito que se empeñen en dicir o contrario, é evidente que son ámbitos distintos, con normas distintas.

O Fiscal Superior de Galicia, Don Carlos Varela, deixouno claro cando dicía: “hai que distinguir entre a inocencia penal e a inocencia política. A penal, réxese pola presunción de inocencia, pero no ámbito político non hai que aplicar eses principios, nese caso teñen que aplicarse as normas de comportamento ético e de transparencia. Os tribunais van a ritmo lento, saben que se hai condena legal será dentro de dous ou tres anos, e iso non é aceptable en termos políticos. Hai que tomar medidas, a de dimitir ou a que sexa, pero a política debe tomar medidas con independencia do traballo da xustiza, para non confundir a inocencia penal coa inocencia política, porque confundir iso, levaría á absurda conclusión de que os gobernantes poden facer as cousas como queiran, mentres os seus feitos non sexan condenados por un tribunal. Iso é absurdo”.

Dende o BNG levan máis dun ano a insistir nesa separación de planos, da que tan acertadamente fala o Fiscal Superior de Galicia, o plano xudicial e o plano político.

No xudicial, non teñen nada que dicir, e dende logo non serán eles os que prexulguen a culpabilidade ou a inocencia no terreo legal de ninguén. Esa é tarefa exclusiva de xuíces e xuízas, e nese ámbito é onde resulta imprescindible a presunción de inocencia e as máximas garantías procesuais. Agora ben, con independencia das responsabilidades no ámbito xudicial, existen outras en paralelo que son as políticas, e aí sí que o Bloque Nacionalista Galego ten moito que dicir. Sinala que co que xa se sabe, teñen moitas explicacións que dar, e moitas responsabilidades que asumir.

Ao BNG e a unha moi boa parte da veciñanza de Santiago gustaríalles escoitar da súa boca, qué relación mantivo o Partido Popular coa empresa Aquagest dende a chegada ao goberno de Santiago, e cal era o transfondo real da renovación por catorce anos que estaban a preparar e que presuntamente lles levou a relegar á anterior interventora e ao secretario. Engade que non son menores outros presuntos delitos detectados polo servizo de vixilancia aduaneira nas relacións deste goberno con esta empresa que tamén deberían explicar. Alude ao asunto Sermasa e ao da gardería de Salgueiriños e ás diferentes versións que se teñen relatado.

Opina que estaría ben que dunha vez digan a verdade do que tiñan pensado facer na Finca do Espiño. Non vale en público dicir que todo estaba perfecto e que no BNG eran uns alarmistas e en privado califícalo como as chanchulladas de Conde Roa, ou ben afirmar que de materializarse a operación do Espiño, ao día seguinte estaría no xulgado e o perderían.

Estaría ben que lles clarexasen o recorrente tráfico de influencias que aparece neste sumario e que algún concelleiro calificouno como “caridade cristiá”. Pregúntase onde está a caridade cristiá do PP co resto dos nove mil desempregados que hai en Compostela, e se a eles tamén se lles ofreceu un posto de traballo, ou se esa caridade cristiá está circunscrita a interceder só pola factura da auga de determinados conventos.

A cidadanía demanda unha explicación do que pasou realmente fóra das mesas de contratación, no concurso da ORA, ou coas actuacións agora investigadas no marco da operación “patos”. De todo iso e de moitas outras cousas é do que queren que lles falen nese pleno extraordinario.

Este sumario deixa outra evidencia referida a que cando dicían que eran un grupo cohesionado, sen friccións, e en perfecta sintonía, mentían. Aínda así di que tampouco facía falta levantar o segredo de sumario para saber iso, xa que era algo evidente. Todo iso podería ser irrelevante, de non ser polas consecuencias graves que ten no funcionamento do concello.

Nun grupo de goberno non hai porque ser todos amigos, e quedar todos os días para tomar café, o que si fai falta é ser grupo, e sobre todo, actuar como tal, pola veciñanza á que representan e para a que deben traballar. Pola contra, tanto o sumario como a práctica diaria amosan un grupo do Partido Popular en absoluta descomposición, roto, enfrontado entre sí, sen interlocución, nin coordinación ningunha, cunha desconfianza absoluta entre os concelleiros, envoltos nunha espiral de sálvese quen poida, máis preocupados polas noticias dos xulgados, que dos problemas reais e cotiáns da veciñanza de Santiago. Así é imposible gobernar a capital de Galicia.

Ese sumario recolle unha frase dun xerente dunha empresa que coñece de primeira man todo o que pasa neste concello e nomeadamente no grupo de goberno, dicía: “agora aquí hai un Falcon Crest. En el Ayuntamiento gobierna unha coalición de dos partidos, el PP con el PP”.

Considera que son con moita diferenza, o peor goberno da historia democrática deste concello. O Partido Popular é a organización política que máis dano lle ten producido ao nome e á imaxe de Compostela na súa historia democrática. Ao longo destes tres anos levaron a Santiago a unha situación límite: o desfalco fiscal de Conde Roa, as operacións Pokémon e Manga, o caso Carril, o caso das facturas falsas, o caso da defensa de Adrián Varela no que é posible que se pase dunha Xunta de Goberno imputada a unha Xunta de Goberno procesada, con todo o que iso implica, e como colofón, a operación Patos.

Sete operacións xudiciais contra membros deste goberno en tan só tres anos, ao que hai que sumar a admisión a trámite pola Fiscalía doutras denuncias veciñais contra este goberno, por supostas malas actuacións.

Dende logo, non é doado facelo peor, e facerlle máis dano ao nome de Santiago á credibilidade da institución municipal e ao seu funcionamento ordinario. Dílles que son un goberno deslexitimado, desprestixiado e incapaz.

Indica que non caben ambigüidades: ou se está pola transparencia, pola rexeneración das institucións e por recobrar a confianza dos veciños aos que se representan, ou se está por xustificar o inxustificable. Dílles que de lles quedar un mínimo de dignidade política, lle pidan desculpas aos cidadáns, voten a favor da proposición, dean unha explicación á veciñanza de Santiago e asuman as súas responsabilidades políticas.

Dille ao Sr. Alcalde que como máximo responsable político de todo o que pase no goberno debe dimitir, como ven de facer o seu compañeiro de Nigrán e invítalle a que faga que o acompañen o resto de membros do seu goberno imputados por casos de presunta corrección.

Don Francisco Reyes Santiás expón que dende o 1 de xullo de 2011 no que o Partido Popular tomou posesión do goberno desta cidade, tras gañar as eleccións por maioría absoluta dos votos da súa veciñanza, comezou un rosario de presuntas irregularidades. A primeira, a sinatura do protocolo e despois do convenio da Finca de Espiño.

Despois habilitados nacionais, profesionais de recoñecido prestixio foron removidos por ser pouco acomodaticios, ou por ser incómodos para o novo goberno e ás súas expectativas, enviándoos a ver medrar a herba en San Lázaro. O segundo mando da policía local foi removido do seu cargo. O Alcalde da cidade, Don Gerardo Conde Roa, tivo que presentar a dimisión do seu cargo acusado de fraude fiscal. Aos poucos meses de tomar posesión don Ángel Currás estallou o escándalo da operación Pokémon.

Nesta operación foron imputados o alcalde, o seu xefe de gabinete, a concelleira de educación no seu momento e o concelleiro de tráfico que imputado con medidas cautelares tivo que dimitir. Finalmente o concelleiro de deportes tamén imputado.

Xurdiu máis tarde o escándalo do caso Carril coa imputación da entón directora da área de seguridade, do concelleiro de seguridade, segunda imputación para el, do alcalde, segunda imputación para el, do anterior xefe de gabinete, segunda imputación para el, e do anterior Alcalde, don Gerardo Conde Roa, terceira imputación para el. Apareceu máis tarde o caso das facturas falsas ou falsificadas, e decidiuse a imputación do concelleiro de obras. O seguinte escándalo foi a participación na chamada operación “Manga”.

Un novo escándalo salpicou máis tarde ao concello co chamado caso da defensa de Don Adrián Varela. O resultado foi a imputación da Xunta de Goberno no seu conxunto, que rematou cun auto da xuíza instrutora na que manifesta observar “indicios dun presunto delito de prevaricación”. O último problema xudicial deste concello, xurdiu coa petición de documentación por parte dun xulgado de Vigo de cinco expedientes. Novamente o concello investigado pola xustiza, por unha maneira de facer as cousas.

Maneira de facer as cousas que se reflicte nas manifestacións públicas dun concelleiro do goberno relativas a que non habería problema en iniciar unhas obras antes de que estas foran adxudicadas. Maneira de facer as cousas que deu tamén lugar a que neste momento a Fiscalía estea a estudar unha querella dun veciño pola licenza concedida a unha terraza da porta Faxeira, ou unha denuncia á Fiscalía de medio ambiente, por parte da veciñanza, por unha licenza para a construción dun viario de acceso a un aparcamento privado a través dunha parcela municipal de dominio público.

Para o grupo municipal socialista é necesario convocar o pleno para o debate do estado do municipio. Di que o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vai votar a favor da proposición que hoxe presenta e está a defender o BNG.

Dona María Pardo dille ao señor Cela que todos son conscientes dos motivos polos que recorren a este subterfuxio, polo que lle adianta o rexeitamento da proposición e invítalle a utilizar os quince minutos que lle corresponden para expresar o que considere oportuno.

Indica que lle piden un pronunciamento sobre certas afirmacións contidas en declaracións realizadas en sede xudicial, fai moitos meses por membros do seu grupo de goberno, cuxo contido descoñece.

Precisa que o levantamento do segredo de sumario na chamada operación pokemón aínda é parcial, e en todo caso, alí onde se levantou o segredo foi para as partes personadas no procedemento. Por iso di que cabe pensar que algunha desas partes compartiu co señor Cela ese sumario, algo que non deixa de ser chamativo e de interese.

Por iso pídelles que dedique parte da súa intervención para explicar cando e como accedeu a ese sumario e se por casualidade ou outro motivo tamén ten información da parte aínda declarada segreda.

Non pode crer que se solicite un pleno extraordinario para debater opinións, ou chismes recollidos en determinados medios de comunicación, pois parécelle completamente fóra de lugar, por moi interesante que poida ser para o Sr. Cela coñecer os detalles das deliberacións dos seus oponentes políticos. Di que levan meses a escoitalle repetir insistentemente os mesmos argumentos en todas as radios, televisións, e medios de prensa locais, sen límite de tempo.

Pregúntalle se verdadeiramente necesita un pleno extraordinario, para volver a repetir os seus manidos argumentos. Ela non discute os seus lexítimos intentos de erosión dos seus adversarios políticos, senón que discute a falta de orixinalidade e creatividade do seu discurso, ou máis claramente, a pobreza intelectual do discurso señor Cela.

A insistencia no argumento da desunión do grupo de goberno, ou a inacción do mesmo resúltalle sorprendente. En canto ao primeiro, non nega que non haxa debate en todos os temas no seo do grupo, pero indica que a acción do goberno é unitaria, compartida e solidaria de todos os membros, quen en todo momento contou co apoio incondicional de todo o grupo de goberno, así como o dos concelleiros que deixaron a corporación, Gerardo Conde Roa, Albino e Paula Prado.

Indica que o alcalde sabe que conta co pleno respaldo do grupo municipal, tanto agora como ao principio do mandato e todos os concelleiros sítense apoiados e identificados co proxecto de Ángel Currás.

Dos membros do BNG di, que no seu permanente intento de desestabilizar o goberno da cidade, movidos unicamente polo interese electoralista dende o primeiro momento identificaron como único camiño para a recuperación do poder, non xa a xudicialización da vida pública, senón a criminalización da xestión política. Pois de ningún outro modo se pode enmarcar a insistencia obsesiva no intento permanente de criminalizar cada acción do goberno.

Do Partido Socialista e do seu voceiro di que persoalmente se encargou de aparecer sen vergoña nunha denuncia tras outra, xa nos tribunais, no defensor do pobo, etc., arrastrando a iso, cando puido, a outras persoas, ou grupos sociais, sen que lle importen os fracasos e desestimacións reiteradas destas múltiples denuncias, como o seu intento continuo de socavar a confianza na administración municipal, nas institucións, atacando sen reparo a cargos públicos ou funcionarios, non aínes a súa ideoloxía.

Dille tanto ao Sr. Reyes como ao BNG, que se trabucan na súa ansiedade por erosionar o crédito da institución e do Partido Popular, e pronto o comprobarán.

Di que as sentenzas que se foron coñecendo censuran na orde administrativa unha tras outra, a súa xestión durante o pasado mandato e non caeron no esquecemento, a pesar de que non trascenderon aínda, do ámbito administrativo.

Decidiron criminalizar a xestión pública con nulo respecto en moitos casos á orde administrativa, pero ese é un camiño de ida e volta. Chega o momento de iniciar o camiño de volta e non remata no 2015; porque fascistas son os que tratan de impoñer pola vía da forza, desidia e mentira o que non conseguiron lexitimamente nas urnas. Di que en democracia hai unhas regras de xogo que se deben respetar porque é o pobo soberano quen impón mediante sufraxios a súa política e a súa moral.

Fascistas son os que tratan de impoñer a súa ética pola forza, sen respectar a lexitimidade, que só pode outorgar o voto emitido libremente na urna. Fascistas son os inquisidores de novo cuño, que criminalizan a opinión e a discrepancia.

E fascistas son en definitiva, quenes amparados no anonimato apelando á falsidade, pretenden intimidar ou incluso ameazan a quenes se ofrecen coas mans abertas ao diálogo. Dille ao señor Cela que eses son comportamentos fascistas.

Á Sra. Rosón dille que se modernice, xa que no século XXI non funcionan as listas negras de lápiz e papel, pois xa se ocupan os medios gráficos de recoller e publicar o

que ocorre e aparece con plena luz e plena publicidade, para que todos poidan ver e xulgar quen mente. Dille tamén que mentres se moderniza, empece a recordar se recibiron ou non agasallos das concesionarias dos servizos municipais.

Ela anticipa que nin persoalmente, nin por medio de ningún familiar ou amigo recibiu en ningún momento agasallo ou beneficio, nin recompensa, nin favor, por motivo ou razón do seu cargo público. E pídlle aos demais que digan o mesmo.

Sinala que non contentos con fomentar no seu delirio irresponsable o desprestixio da administración municipal, continuaron a súa campaña dicindo que esta administración municipal non ten proxecto, non xestiona, está paralizada.

Non acepta que estea paralizada unha administración que ao final da lexislatura ten saneadas as contas públicas, reducindo o gasto superfluo e amortizando máis de corenta millóns de euros de endebedamento, recuperando o equilibrio fiscal, a solvencia, a estabilidade financeira dunha administración que os gobernos anteriores deixaron quebrada, despois de dilapidar de maneira ineficiente recursos públicos en épocas de bonanza.

Unha administración que reduciu un 20% os gastos de persoal, mantendo o nivel de servizo. Uns gastos que non deixaron de subir a pesar da crise en cidades xestionadas polo BNG ou polo PSdeG-PSOE, como Pontevedra e Ourense. Ao respecto da división do goberno de Ourense di que prefire non falar.

O aforro prodúcese tamén no persoal de confianza, con tres dedicacións exclusivas menos e menos asesores, concretamente cinco, o que propiciou un aforro superior a 1,5 millóns neste mandato.

Tamén alude á redución de impostos, á baixada do IBI e á conxelación das taxas, o que representa medidas equidistributivas, progresivas e de política social. Ao respecto di que Santiago é a cidade de Galicia con menor tipo impositivo de IBI.

Expón que mediante a súa política de promoción da cidade no exterior, impulsouse o crecemento das rutas aéreas internacionais ao máximo histórico que coñece Lavacolla, ou ao crecemento dun 60% dos visitantes internacionais e multiplicáronse as opcións de promoción do comercio, do emprendemento e do emprego, nun entorno presupostariamente restritivo, logrando unha diminución do paro na cidade próxima a 5% nos últimos doce meses.

Estas son as cousas que lles importan aos cidadáns. Destaca que fixeron algo que a oposición dicía que era imposible: xa non hai botellón en Compostela. E non só iso, pois agora os xoves que son multados por estas condutas poden realizar a cambio da

condonación da sanción, labores sociais útiles para a comunidade, reconducindo unha conduta reprobable a unha actividade socialmente responsable e formativa. Iso só é posible grazas á colaboración dos distintos departamentos municipais, eses que os membros da oposición din que non se levan ben.

A xestión dos servizos sociais e a colaboración coas distintas ONGS que actúan na cidade foi unha mostra encomiable do valor que outorgan á solidariedade que impregnou toda a política municipal, colocando o foco nos máis desfavorecidos.

Noutra orde de cousas destaca que para falar de coordinación, de eficacia, de eficiencia, de exemplaridade, e dos servizos de seguridade e emerxencias municipais, Luís Bello, demostrou que o seu departamento se atopa ao mellor nivel que cabe pedir e así recibiu o unánime recoñecemento nacional e internacional.

Nos momentos difíciles é cando se demostra o verdadeiro valor das persoas e dos equipos, pero a necesidade nos tempos de penuria económica non está reñida co esparcemento, ou coas actividades lúdicas, as festividades populares, a promoción do deporte de base, as actividades para os xoves, ou as actividades dos centros socio culturais, con roteiros pola cidade.

Destaca a conciliación no rural, por primeira vez e os dignos niveis de actividade, a pesar de dispoñer nalgúns casos da metade dos recursos financeiros que nos últimos anos de bonanza.

No tocante á actividade cultural di que Santiago seguiu a ser o referente cultural de Galicia, no que foi un empeño persoal do alcalde, que non permitiu nin que a crise, nin que os recortes lesionen a cultura, porque Santiago é cultura e este é un valor identitario, irrenunciabile da cidade, da súa mesma razón de ser capital de Galicia.

Alude a seguir aos concelleiros sen dedicación exclusiva que dedican o seu tempo e os seus cartos, traballando polo rural co apoio do alcalde, que decidiu que nos orzamentos, dende o inicio do mandato se dedique máis do dobre das cantidades que o goberno anterior adicaba ao rural.

Hoxe pódese dicir, ademais, que o concello é unha administracións 2.0 que mantén unha política de transparencia e cercanía con presenza activa e participativa nas redes sociais, a donde moitos cidadáns acuden xa e reciben respostas a inquietudes e queixas.

O novo portal da área de desenvolvemento urbano e sostible é un exemplo desta política de transparencia. Dende a axenda diaria da concelleira ata os expedientes administrativos colgados son accesibles a través desta ferramenta que permite, ademais, unha interacción directa coas asociacións de veciños responsables da área. O propio

nome desta área pon énfase na sostibilidade, nun claro indicativo da liña mestra da acción municipal.

Santiago é unha cidade volcada nas melloras da eficiencia e da eficacia na xestión administrativa, dende a transparencia, a relación directa cos cidadáns, e a xestión integrada e coordinada de todos os servizos municipais.

A reestruturación do goberno impulsada polo alcalde uniu todas as concellarías en áreas temáticas fortemente interrelacionadas que optimizan a xestión administrativa e a coordinación entre todos os departamentos, algo que mal que lle pese á oposición só é posible grazas á coordinación e colaboración permanente de cada un dos integrantes de todo o equipo de goberno.

O Sr. Cela retruca que nunca se lle pasaría pola cabeza calificar de pobreza intelectual ningunha intervención da portavoz do Partido Popular, sempre moi interesante. Aínda que neste caso, pensaba que ía ser algo máis interesante.

Supón que o Sr. Alcalde se reservará o último turno para seguir na liña que seguiu antonte nun programa televisivo, onde calificaba ao Bloque Nacionalista Galego de samesugas, facendo ameazas veladas de novas citacións xudiciais, a pesar de non dar e rebuscar e non atopar absolutamente nada na xestión do Bloque Nacionalista Galego en doce anos de goberno.

Di que cando a alguén lle acusan, o normal é que queira dar explicacións. Pero non atopou ningunha autocrítica, ningunha explicación disto, a pesar de ter hoxe a oportunidade de darlle unha explicación aos veciños de Santiago.

O Sr. Alcalde pode estar tranquilo, como manifestou moitas veces, pero quen non está tranquila é a veciñanza de Santiago con todo o que está a pasar neste concello. Teñen unha oportunidade de ouro para tranquilizala, de explicar todo o que está a saír, porque o que cualifican de chismes, son informacións que el viu e leu nos medios de comunicación.

Respecto ás alusións á erosionar dilles que se erosionan eles sós. O ruído non o xerou o BNG, pois non foi el quen defraudou á facenda pública, quen falsificou facturas, quen perseguíu legalmente a un funcionario público, quen fixo tráfico de influencias ou amaños en licitacións públicas. O ruído non o xera o BNG, o ruído o xera a acción de goberno do Partido Popular dende fai tres anos.

No tocante á unidade retruca que aínda que alomenos de momento sempre votaron xuntos, de aí á unidade de grupo hai un cacho. Resúltalle indiferente a relación persoal

que teñen entre eles, pero precisa que o problema está cando iso condiciona á acción e xestión do goberno.

Abuso do Regulamento, ningún, o que si é abuso é que a pesar de que dita norma fala da convocatoria de tres sesións plenarias en cada mandato corporativo, ata a data non se celebraron.

El non vai insultar nin ameazar con ir ao xulgado, o único que pide é que se teñen a conciencia tan tranquila, non teñan ningún problema en votar a favor desta proposta, convocar o pleno e dar explicacións de todo o que está a pasar neste concello. Di que o dano está feito e moitas cousas son irreparables, pero teñen a posibilidade de atallalo.

Don Francisco Reyes dille á Sra. Pardo que lle amose cando o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela ten xudicializado a política e o debate político neste concello, cando teñen acudido a unha denuncia, ou a unha querrela a un fiscal ou a un xulgado de instrución. Di que non se lle pode mentir á cidadanía.

No tocante ao recoñecemento dos funcionarios di que xa era hora, pois xa pasaron dous anos. Expón que cando o goberno de progreso deixou as súas responsabilidades, deixou un plan de desenvolvemento na cidade ata o ano 2020; deixou aprobado un plan estratéxico da cidade; deixou aprobado o plan xeral de ordenación municipal; deixou aprobado o plan estratéxico de turismo, deixou aprobado o plan de mobilidade e todo isto está parado, ou metido nun caixón.

Liquidaron EMUVISSA, que era un instrumento de xestión do solo empresarial e residencial. Durmindo o sono dos xustos está o proxecto da estación intermodal, ou a duplicación da AP-9, ou o plan director do complexo hospitalario universitario.

Están nestes momentos diante dunha cidade triste, estancada, sen pulso, e sen impulso. Resalta a incapacidade amosada para liderar e plantexar e negociacións ou ben a incapacidade negociadora coas outras administracións, aínda que sexan da mesma cor política. A subordinación que amosan con eses gobernos amigos pon a Santiago na súa peor posición, como cidade no último cuarto de século.

A cidade debería ter aproveitado todo este tempo para situarse no posto número un de saída, para estar preparada no momento no que a situación verdadeiramente comece a mellorar.

A saúde industrial, empresarial, e comercial da cidade, atópase baixo pronóstico reservado. Abandonaron a súa sorte aos empresarios e aos comerciantes desta cidade, a mostra é a cantidade de empresas pechadas, resultado dunha nula política de desenvolvemento do emprego e da promoción turística.

Di que están diante dunha cidade parada polas liortas xudiciais e polas liortas internas deste goberno que existen, pois desgraciadamente están publicadas as transcripcións que amosan esa realidade.

Os cidadáns de Santiago non merecen o que lles está a pasar nesta cidade. Este goberno tería que estar traballando en impulsar esta cidade, en impulsar os proxectos que o anterior goberno deixou encamiñados: a Edar, a estación intermodal, a estación de mercadorías da Sionlla, a ampliación do conservatorio superior de música, o plan director do CHUS, o centro de saúde de Conxo, o sistema de enlace da cidade histórica coa cidade da cultura, a nova estación de autobuses incorporada ao proxecto de estación intermodal, o parque comarcal de bombeiros, a ampliación do CEIP de Villestro, o centro de investigación de biomedicina. Desgraciadamente todo isto non é así, porque esta cidade non se moveu dende o 1 de xullo de 2011.

Dona María Pardo Valdés dilles aos membros dos grupos da oposición que aínda están a tempo de iniciar unha oposición responsable. Poden facer iso ou ben intensificar as súas campañas de insidias e mentiras. En todo caso, di que este equipo de goberno vai rematar o mandato. Eles adquiriron un compromiso cos cidadáns, asumiron unha responsabilidade e serán fieis á mesma ata o último minuto do mandato corporativo.

Os cidadáns de Santiago poden estar seguros de que o equipo de goberno está unido, ten un proxecto de cidade, ten obxectivos claros, e ten un programa electoral, votado democraticamente nunhas eleccións e este programa vaise cumprir. O importante é a cidade, os seus habitantes que padecen aínda a crise económica máis severa dos últimos setenta anos.

Teñen demostrado que a cidade é competitiva, pode xerar emprego e pode xerar benestar. Comprométense a que ao final do mandato o emprego reflectirá en Santiago un comportamento mellor que na media do resto de España, e do resto de Galicia. Mellor que nas demais cidades galegas, que se xerará emprego neto no ano 2015 e probablemente xa no ano 2014.

Santiago demostrará no 2014 que o seu prestixio internacional está ao máximo nivel e comprobarán que se baterá o record de visitantes estranxeiros. Baterase o record de peregrinos, baterá o record de viaxeiros internacionais e de conexións aéreas internacionais e os índices de pernotacións medrarán, como xa medraron o ano anterior.

Santiago será unha cidade saneada, modelo de xestión económica, cunha facenda moderna, cunha capacidade de investimento e poderá mirar con esperanza o seu futuro.

Será unha cidade segura, aberta e amable, unha cidade onde as persoas querrán vivir. Destaca que empezou a medrar o número de habitantes por primeira vez despois de moitos anos.

Santiago será unha cidade humana á escala do cidadán, que recuperará os seus espazos públicos, que dedicará o investimento a mellorar aquilo que máis beneficia á calidade de vida dos seus veciños, verá satisfeitas moitas das antigas demandas, históricas, como o centro de saúde de Galeras, o túnel de Conxo, ou o derribo das terrazas e a reurbanización do barrio de Vista Alegre. Será unha cidade social, onde as persoas e a súa calidade de vida son o primeiro.

Santiago seguirá a ser unha cidade universitaria, dinámica, xoven, alegre, festiva e participativa, será unha cidade culta, respectuosa do seu patrimonio histórico, pero creativa e innovadora.

Santiago será unha cidade integrada no seu entorno, no seu medio ambiente e no seu medio rural, porque os habitantes das parroquias tamén son cidadáns de Santiago, e vivir no rural non debe ser un factor limitativo da calidade de vida, nin das oportunidades das persoas.

Santiago será unha cidade mellor comunicada, moderna e eficiente, dinámica e sostible encadeada na súa historia, pero coa vista no futuro. Santiago será máis que nunca, a capital de Galicia e a cidade de todos os galegos.

Queda un ano de mandato, ata o de agora exerceron unha oposición temeraria e irresponsable, a partir de agora dille aos membros da oposición que lles corresponde dicir qué desexan ofrecer á cidade. Pola súa banda, eles o teñen claro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dille ao Sr. Cela que levan catro anos a esperar que lles explique o do Carrumeiro, e segue sen facelo. O Sr. Cela pediulles que dimitisen, sen mirar para a bancada de abaixo e iso é sectarismo. Por iso invítao a que leve este debate a Ourense onde se fala de rolex, a Lugo onde se fala de sobres e a outras cidades.

Critican de forma ardente que en xunta de goberno se decidisen aboar os gastos de representación e defensa xudicial para un concelleiro, cando o 10 de novembro de 2009, con concelleiros do Bloque, a Xunta de Goberno adoptou o acordo de designar a un despacho de Santiago a defensa do señor Rama, cando tiña que declarar o día 3 de decembro de 2009.

Dona Marta Álvarez Santullano quere formular unha cuestión de orde.

O Sr. Alcalde indícalle á Sra. Santullano que non está no uso da palabra.

Invita ao Sr. Cela a que se queren pedir un pleno extraordinario e urxente, reúnan os votos que necesita, o que sucede é que non os teñen, e teñen que pedirillelos ao Sr. Reyes.

Noutra orde de cousas, opina que este debate foi incómodo para o Sr. Reyes, pois nos primeiros dez minutos a penas gastou catro, e na segunda intervención falou de infraestruturas. Sucedede que, ao mellor se mira para a dereita se atopa co seu padriño político e iso é incómodo. Remata dicíndolle que o grupo socialista non lle vai dar o apoio.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, acorda rexeitar a proposición de referencia.

7. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Dáse conta ao pleno dos seguintes pronunciamentos xudiciais:

* Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada o 7 de novembro de 2013, pola que se desestima o recurso 4561/2010, interposto por Don Santiago Suárez Iglesias, contra o acordo de aprobación definitiva do Plan Especial de Ordenación do Campus Universitario (PE-8).

* Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada o 12 de decembro de 2013, pola que se desestima o recurso 4251/2009, interposto por Don Gonzalo e Don Manuel González Pérez, contra a aprobación do texto refundido final da revisión do PXOM.

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta ao pleno das resolucións ditadas pola alcaldía e polas concellarías delegadas, do 2 de xaneiro ao 10 de febreiro de 2014 (núms. 1 ao 970).

Dáse tamén conta ao pleno das das actas da Xunta de Goberno correspondentes ás sesións que a seguir se indican:

Sesión extraordinaria urxente do día 30 de decembro de 2013 (núm. 105).

Sesión ordinaria do día 2 de xaneiro de 2014 (núm. 1).
Sesión ordinaria do día 9 de xaneiro de 2014 (núm. 2).
Sesión ordinaria do día 16 de xaneiro de 2014 (núm. 3).
Sesión extraordinaria urxente do día 21 de xaneiro de 2014 (núm. 4).
Sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2014 (núm. 5).
Sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2014 (núm. 6).
Sesión extraordinaria urxente do día 31 de xaneiro de 2014 (núm. 7).

9. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

ROGOS.-

- 1. Rexistro de entrada do día 21 de febreiro de 2014, núm. 30, solicitando que se subsanen as deficiencias do colexio Monte dos Postes.**
- 2. Rexistro de entrada do día 21 de febreiro de 2014, núm. 31, solicitando que se axilice o proceso de adxudicación do servizo de cafetería da Estación de Autobuses.**
- 3. Rexistro de entrada do día 21 de febreiro de 2014, núm. 32, solicitando incluír no Regulamento de Centros socioculturais o uso de salas por formacións políticas.**

PREGUNTAS.-

- 1. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2014, núm. 18 (para a súa resposta por escrito), en relación ao contrato das escolas infantís de Conxo e Fontiñas.**
- 2. Rexistro de entrada do día 17 de febreiro de 2014, núm. 20 (para a súa resposta por escrito), relativa ás xestións levadas a cabo polo Alcalde en relación coa actividade da Sala Iago.**
- 3. Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2014, núm. 21 (para a súa resposta por escrito), reiteran pregunta formulada con anterioridade ao non ser contestada ningunha das cuestións plantexadas, en relación ao centro sociocultural de Vidán.**
- 4. Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2014, núm. 24 (para a súa resposta por escrito), en relación aos ingresos polo servizo de ORA e GRÚA, que non aparecen reflectivos nos orzamentos.**
- 5. Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2014, núm. 25 (para a súa resposta por escrito), relativa a nave núm. 5 do Mercado de Abastos.**

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

PREGUNTA.-

1. Rexistro de entrada do día 21 de febreiro de 2014, núm. 29 (para a súa resposta por escrito), relativa a páxinas web que se puxeron en funcionamento nas diferentes concellarías.

O Sr. Alcalde explica que hai tres rogos formulados polo grupo nacionalista.

O primeiro rogo, relativo ás deficiencias do colexio Monte dos Postes, retírase.

O segundo rogo relativo a que se axilice o proceso para a adxudicación do servizo de cafetería na Estación de Autobuses, será defendido pola señora Cienfuegos. Expón a señora Cienfuegos que no Consello de Administración de Tussa do día 15 de xaneiro declarouse deserto o concurso para cafetería restaurante da estación de autobuses. É un servizo importante nunha cidade como a nosa, na que diariamente fan uso da estación un elevado número de persoas. Por outra parte, o peche do servizo deixa sen traballo a un colectivo de profesionais que leva moitos anos desenvolvendo alí a súa actividade e que na actual situación económica faise difícil conseguir traballo noutro lugar.

Están diante dun triple problema: a estación sen servizo de cafetería-restaurante, os traballadores sen traballo, e TUSSA sen recibir as contribucións económicas derivadas da concesión.

O BNG tiña solicitado un consello extraordinario de TUSSA co fin de axilizar a solución do problema. No día de onte tivo lugar, pero o único punto da orde do día era acordar o desafuzamento dos traballadores que neste momento ocupan o espazo destinado ao servizo, sen ter en conta que eles son os primeiros interesados no restablecemento da actividade normal.

Considera non ten porque ser necesario adoptar medidas de forza, senón avances firmes cara á recuperación do servizo coa subrogación dos traballadores.

O BNG solicita que se axilice o proceso para adxudicación do servizo de cafetería e restauración da Estación de Autobuses, de xeito que se poida restablecer o antes posible e coa subrogación dos traballadores.

Don Luís Bello explica que o contrato para explotación da cafetería-restaurante da estación de autobuses asinouse o 2 de agosto de 1993 entre o Concello de Santiago e empresa Santiago Nós, SL, por un prazo de quince anos coa posibilidade de prórroga

ata un máximo de cinco anos máis. Estas prórrogas fixéronse efectivas, polo que o contrato rematou en agosto de 2013.

O 11 de febreiro de 2013, o Xulgado do Mercantil núm. 2 de a Coruña, declarou en situación legal de concurso de voluntario de acredores á empresa Santiago Nos, SL a petición da propia empresa. A día de hoxe, esta empresa mantén unha débeda coa sociedade municipal TUSSA de 44.782 euros.

Ademais de comunicar a declaración de concurso de acredores da empresa Santiago Nos, o consello de administración acordou aprobar unha prórroga mentres non se licitaba o concurso. Esta prórroga foi de tres meses, ata a adxudicación do novo contrato.

O 18 de setembro de 2013, aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación mediante procedemento aberto con publicidade do servizo de cafetería – restaurante da Estación de Autobuses.

O 19 de novembro, a mesa de contratación acordou propoñer como adxudicataria do servizo á única empresa que se presentou ao procedemento Pontevedra Dos, SL. Comunicada a decisión á empresa, outorgouse un prazo legal para a presentación da nova documentación, de conformidade coa cláusula 17 do prego de condicións.

Finalmente a empresa proposta para a adxudicación, Pontevedra Dos,SL, no mes de decembro presentou escrito de renuncia, alegando falta de financiamento, provocando deste xeito, que dito concurso quedase deserto.

O 15 de xaneiro do presente ano no consello de administración declarouse deserto o concurso da cafetería. Ante esta situación e co contrato de Santiago Nos xa en precario, dende a sociedade municipal TUSSA procedeuse a comunicar á empresa a finalización da concesión polo cumprimento do prazo máximo e prórrogas previstas.

Requeríuselle á empresa a entrega das chaves, cousa que non fixo ata o momento, en dúas ocasións, xa que permanecen abertas as instalacións co seu persoal dentro.

Dita situación impide continuar cos canles administrativos regulamentarios, para proceder a unha nova contratación, e así poder ofrecer o servizo mencionado na Estación de Autobuses. Clarexa que é unha esixencia municipal, tanto nos pregos anteriores, como nos seguintes que van a presentar, a subrogación dos contratos dos traballadores. Di que no mes de xaneiro quería manter unha reunión cos empregados, pero por problemas de saúde non puido ser. Engade que espera tela o mércores da próxima semana.

Don Rafael Vilar expón o rogo relativo a que o concello inclúa no regulamento de centros socioculturais o uso de salas por formacións políticas. Expón que fai poucas semanas levouse á Xunta de Goberno a proposta do concelleiro de área de participación cidadá, unha instrución para limitar só ao período electoral, polo tanto, aos quince días de campaña, a posibilidade de utilización dos centros socioculturais por parte das forzas políticas.

Consideran que dita instrución é inxusta, arbitraria, e en certa maneira, non lles parece nada congruente co ordenamento legal. A Constitución do 78 que está vixente, declara que os partidos son instrumentos fundamentais para a participación política e a propia lei de partidos do ano 2002, di que os partidos, exercerán libremente as súas actividades.

Eles pretenden que se dea marcha atrás nesa decisión, e propoñen que se inclúa expresamente no regulamento o uso das salas para as formacións políticas. Clarexa que cando fala de uso refírese a uso responsable, fundamentalmente para actividades de interese público, pois non está a falar de actos de carácter interno e sempre ese uso compatible coas actividades xa existentes nos propios centros.

Dito rogo non só responde a un interese propio do Bloque Nacionalista Galego. Entenden que hai outras forzas políticas interesadas, moitas delas, que non están aquí representadas. Relata que no ano 2011, no período electoral das eleccións municipais, houbo 8 candidaturas, das que só están hoxe aquí 3. Entenden que hai que abrir tamén eses espazos para actividade política do conxunto das forzas políticas que operan na cidade.

Destaca que se produce un agravio comparativo, porque o goberno municipal sí pode facer actos para ter interlocución cos veciños e veciñas neses centros. A mesma semana que rexistraban este rogo, a señora tenente de alcalde estaba no centro sociocultural da Trisca cos veciños e veciñas, en cambio os partidos da oposición, parece que non van poder dispoñer deses centros, para reunións con veciños, para trasladar propostas, escoitar problemas e trasladar tamén puntos de vista.

Don Francisco Noya Iglesias explica que a decisión de non politizar os centros non é do Partido Popular. Destaca que con anterioridade a que o bipartito chegase ao poder no Concello de Santiago de Compostela, os centros socioculturais tampouco se lle deixaban aos partidos políticos, fóra da campaña electoral. Unha vez que chegou o Bloque Nacionalista Galego decidiron que nos centros socioculturais calquera partido puidese facer alí máis ou menos o que lle dera a gana. Eles non queren que os centros socioculturais se convertan niso fóra da campaña electoral.

Quere tamén destacar que a pesar de non ter dedicación exclusiva o Sr. Muíños pasa moito tempo nos centros socioculturais reuníndose cos veciños, o cal é algo digno de

respecto e de recoñecemento, e di que en ningún momento se lle puxo ningunha traba para que se reunira cos veciños nun centro sociocultural.

O Sr. Alcalde explica que o rogo presentado polo grupo socialista está fóra de prazo, polo que quedará para tratarse na vindeira sesión plenaria.

10. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2014, núm. 27, para apoiar a proposición de lei, por iniciativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción proposta pola CIG, para o seu debate en Pleno, relativa ao apoio á proposición de lei, por iniciativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da crise, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos intereses nacionais de Galiza, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico do noso país. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, con máis de cen medidas para a creación de emprego en Galiza. Na súa exposición de motivos da proposición de lei sinala o seguinte:

As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en

Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade lexislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos

governos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuindo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

2.- Rexistro de entrada do día 19 de febreiro de 2014, núm. 28, para garantir a asistencia sanitaria aos galegos e galegas que saian fóra do estado por máis de 90 días

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, acerca de garantir a asistencia sanitaria aos galegos e galegas que saian fóra do Estado por máis de noventa días.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP no Estado está a acometer unha vaga de recortes en dereitos e conquistas sociais sen precedentes. Entre elas, por medio do Real decreto-lei 16/2012, eliminou o dereito á atención sanitaria universal, ficando reservado só para quen teña a residencia no Estado español e con iso negándollelo a todas as persoas que se trasladan ao estranxeiro, que neste momento son moitas por motivos laborais debido tamén ás nefastas políticas económicas do PP que están a devastar os nosos sectores produtivos e a aniquilar a capacidade de xerar emprego en Galiza. Así, a asistencia sanitaria universal fica recoñecida só para quen resida no Estado, polo que se lle nega o dito dereito a todas as persoas se permanecen fóra do Estado español máis de 90 días nun ano natural, mesmo sexan desempregados/as de longa duración, ás que teñan esgotado a prestación ou o subsidio por desemprego.

A política do PP no Estado e na Xunta obriga a mozos e mozas, que padeceron xa o ano pasado máis do 50% de desemprego, a saír do Estado español para atopar traballo; e preto de 93.000 fogares ten todos os seus membros sen emprego. Agora un novo recorte de dereitos afecta especialmente a Galiza, aos miles de galegos e galegas que se ven obrigados a emigrar: ás persoas desempregadas, especialmente mozos e mozas, que se verán desposuídas do dereito a asistencia sanitaria por obra dos gobernos do PP.

Unha decisión adoptada polo goberno do PP no Estado, de xeito unilateral e sen contar co goberno da Xunta de Galiza, quen semella aceptar calquera medida imposta desde Madrid sen importarlle o carácter lesivo aos dereitos de galegos e galegas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar a exclusión da atención sanitaria pública gratuíta, pola eliminación do dereito á asistencia sanitaria, das persoas que permanezan máis de 90 días fóra do Estado nun ano natural ou non residentes no Estado español, adoptada polo Goberno do

Estado no Real decreto-lei 16/2012.

2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a derogación desta medida e traslade o seu rexeitamento.

3. Instar a Xunta de Galiza a que mentres non se proceder a derogar o real decreto-lei asuma e garanta a atención sanitaria dos galegos e galegas que saian fóra do Estado español por un período superior aos 90 días, conservando a tarxeta sanitaria en vigor.

3.- Rexistro de entrada do día 24 de febreiro de 2014, núm. 33, relativa ás obras de Galeras

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa ás obras de Galeras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Goberno Local adoptou acordo relativo á aprobación de convenio cun particular para a execución de “actuación e mellora de seguridade vial e o tráfico rodado nas rúas de Galeras e Domingo García Sabell”. Recentemente a concelleira de urbanismo anunciou o comezo inminente das obras e de inmediato procedeuse ao valado de parte da zona afectada, sen que se acompañase de información sobre as mesmas, que, a día de hoxe está xa incorporada aínda que incompleta.

O proxecto ten por obxecto, por unha parte, as obras de urbanización para a execución da rotonda na rúa Galeras na súa conexión con García Sabell e dun viero de acceso ao aparcadoiro situado na planta soto-1 que se atopa baixo os edificios residenciais. Ocúpase parcialmente para este fin a parcela do parque de Galeras lindantes con estes edificios, parcela non integrada no viario no PXOM.

O cambio de uso non foi sometido a información pública e a veciñanza directamente afectada observa indicios de ilegalidade na tramitación do expediente, observación corroborada pola fiscalía que aceptou a trámite a súa denuncia.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, que veu manifestando dúbidas sobre o procedemento de tramitación e o interese das obras previstas, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago acorde a paralización das obras mentres non se clarexen as dúbidas sobre a oportunidade das mesmas e a legalidade do procedemento seguido na súa tramitación.

4.- Rexistro de entrada do día 25 de febreiro de 2014, núm. 34, relativa a un 8 de marzo pola derogación das leis contra as mulleres

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á derogación das leis contra as mulleres no marco do 8 de marzo Día Internacional polos Dereitos das Mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A 8 de marzo non pode converterse nunha data de celebracións rituais e hipócritas, baleiras de contidos, en papeis mollados e fotos para a galería. O 8 de marzo, agora máis que nunca, é unha data en que tamén as institucións deben mostrar con clareza o seu compromiso co avance no recoñecemento dos dereitos das mulleres e de denuncia da involución que se está a producir en todos os ámbitos. É, pois, unha data importante para facer balance dos logros realizados polas mulleres para conseguiren a igualdade plena. A crise económica e os veloces cambios financeiros colleu as mulleres consolidando precariamente a súa entrada no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas mulleres loitaban polo recoñecemento nas institucións e proclamaban leis de igualdade, aínda que nunca esquecían que as tarefas do coidado seguían nas súas mans. Cansadas da tripla xornada viron como a cadea de coidado se desprazaba ás mulleres dos países pobres que, poñéndolle rostro feminino á inmigración, viñan facerse cargo de nenos/as e vellos/as. Nos seus países de orixe ficaban as súas nais coidando dos seus fillos e agardando os cartos para alimentaren toda a familia extensa.

Os discursos neoliberais actuais necesitan inocular un valor patriarcal como é o da ficticia protección da maternidade. Non o dereito a maternidade das mulleres nunha sociedade igualitaria, senón a protección da xestión dun ser carente de dereitos e, por tanto, necesitado de titorización. Esta ideoloxía acha un caldo de cultivo ideal nunha situación de desemprego xeneralizado. Os valores tradicionais da familia patriarcal están agochados nunha boa parte da sociedade e só cómpre sacalos a flote. A linguaxe do traballo escaso e a necesidade de que as mulleres continúen a facer as tarefas de coidado nun momento de recortes dos servizos públicos están presentes continuamente. Esta incorporación das mulleres ao mercado laboral conseguiu, aínda que de forma precaria, unha autonomía persoal importante para estas. Non obstante, o traballo remunerado das mulleres tamén iluminou unha esfera opaca da vida, a referida ao coidado. O problema da conciliación da vida laboral e familiar entrou na axenda pública

e só tivo unha abordaxe satisfactoria naqueles países que apostaron polos servizos públicos e a corresponsabilidade cos homes.

O goberno galego co Sr. Feijóo á cabeza decidiu eliminar a corresponsabilidade do seu ámbito de actuación, reducir os orzamentos en políticas de conciliación e adoptar medidas falsamente natalistas, como a aprobación da Lei de apoio á Familia e a Lei de apoio a muller embarazada.

Estas leis non avanza no recoñecemento dos dereitos das mulleres nin no fomento da corresponsabilidade. Como tampouco o fixeron o Plan de apoio á muller embarazada 2012-2014 desenvolvido pola secretaria xeral de Igualdade ou o Plan de demografía de Galiza desenvolvido pola Consellaría de Traballo e Benestar. Pola contra, significan un retroceso nas políticas de igualdade dos últimos anos e un paso atrás importante na escasa concienciación sobre o usos dos tempos acadada até este momento. De feito, como exemplo deste marco ideolóxico contrario aos dereitos das mulleres podemos sinalar a publicación da *Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade* por parte da Secretaría xeral de Igualdade. En primeiro lugar, sorprende que este tipo de publicacións procuren o seu espazo nunha Secretaría de Igualdade -que debería velar pola transversalidade de xénero-. En segundo lugar, omitir a paternidade é un claro nesgo ideolóxico do sexismo da normativa en materia de xestación que este goberno mantén, sostendo a idea de seren fillos e fillas as unha cuestión feminina. En terceiro lugar, a guía recolle as entidades sen ánimo de lucro con programas de apoio as mulleres xestantes de Galiza. En concreto 16 programas dos cales 11 son xestionados por ordes relixiosas e/ou grupos contrarios ao dereito ao aborto entre os que destacan *Congregación Hijas del Divino Cielo, Congregación relixiosa Siervas de la Pasión-Hogar Santa Isabel, Betanía de Jesús Nazareno, HH.TT.FF. Rebaño de María, Red Madre Pontevedra, Red Madre Ourense, Red Madre Coruña, Caritas Diocesana* ou Asociación de axuda á vida AYUVI. Estas entidades contrarias aos dereitos en igualdade das mulleres foron e son potenciadas desde o goberno de Feijóo baixo o discurso de apoio á maternidade ao mesmo tempo que se fan máis restritivos os requisitos da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2013, que se instaura o repago dos comedores escolares, que se limita o horario das escolas infantís públicas, que se amortizan as prazas de matrona, que non se substitúen os/as pediatras, que se elimina a gratuidade dos libros de texto...

Como podemos comprobar tanto as leis antes enunciadas como os plans e accións que emanaron destas eran un adianto da ideoloxía que o PP plasmaría posteriormente no Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada que realmente o que fai é penalizar as mulleres que exerzan o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Derrogar os seguintes textos legislativos por non dotaren de servizos nin recursos as mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por suporen un retroceso de décadas na igualdade.

- Lei de apoio á muller embarazada.
- Lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia

2. Mostrar o seu total rexeitamento co Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e dar traslado deste ao goberno do Estado esixindo a súa total retirada.

Don Rafael Vilar di que hoxe vinte e sete de febreiro están convocadas manifestacións en diversas cidades do país. Dentro dun cuarto de hora sae aquí a da Alameda. Son manifestacións promovidas pola Alianza Social Galega, co lema “outra saída á crise”. Van na liña de poñelo acento non na satisfacción dos chamados mercados, senón na creación de emprego, no desenvolvemento dos nosos sectores produtivos, na defensa dos servizos públicos, en definitiva, na mellora das condicións de vida da clase traballadora, e do conxunto dos cidadáns, e na garantía dos seus dereitos sociais e laborais.

Con estas palabras quere introducir a defensa da urxencia desta moción, impulsada pola CIG. Alude a que nesta mesma sesión un representante dela durante cinco minutos explicou os contidos.

Para eles a creación de emprego, debера ser a primeira preocupación de calquera goberno responsable, de calquera ámbito sexa local, nacional, ou estatal.

Destaca unhas taxas de desemprego verdadeiramente alarmantes. Máis de 9.300 persoas queren traballar e non teñen onde. Aproveita para trasladarlle a solidariedade do grupo municipal do BNG aos traballadores da cafetería da estación de autobuses, na defensa do seu posto de traballo.

Trátase dun auténtico drama social, ante o cal non hai que laiarse, senón reaccionar e son precisamente os gobernos os que deberían de facelo. Cómpre ter vontade e cambiar por completo a lóxica das políticas desenvolvidas. O BNG agradece que a CIG tente

situar no debate social a necesidade dun cambio de rumbo nas políticas económicas e sociais dos gobernos central e autonómico e que nese cambio de rumbo sitúe ao emprego e á loita contra o paro como eixo central das súas demandas. Remata dicindo que eles van apoiar a iniciativa lexislativa popular que promove a CIG no Parlamento Galego.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia desta moción esta queda rexeitada por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, 8 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-POSE e aos do BNG, e 2 abstencións correspondentes aos membros do PSdeG-PSOE que se ausentaron do salón de plenos.

Don Rafael Vilar expón a urxencia da moción relativa a garantir a asistencia sanitaria aos galegos/as fóra do Estado máis de 90 días. Di que a actual crise ten moitas caras e unha fundamental son os devastadores efectos sociais que está a producir, ampliados por unhas políticas económicas e sociais profundamente erradas e non orientadas a salvagardar servizos públicos como a sanidade.

Precisamente un dos efectos sociais é a expulsión forzada do país de milleiros de mozos e mozas, que se ven avocados á procura dun posto de traballo lonxe das nosas fronteiras, lonxe do seu entorno, dos seus, da súa xente. Non se trata de que estes mozos teñan precisamente un desmedido afán aventureiro, senón de supervivencia, de ter que buscar un futuro digno lonxe da terra.

Se xa parece bastante castigo para esa xente, miles de persoas, ter que coller a maleta e emigrar, como as xeracións anteriores, agora o goberno do PP no Estado infríxelles un novo castigo, pois aqueles e aquelas que van permanecer fóra do Estado español máis de noventa días, van ver como lles é retirada a tarxeta sanitaria.

Dende o seu punto de vista isto é indignante. Outra vez o goberno de Mariano Rajoy volve a cebarse nos máis débiles, aplicando recortes e máis recortes, nesta ocasión que afectan á asistencia sanitaria.

De feito a medida que da pé a esta moción está contida no Real Decreto Lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir o sistema nacional de saúde. É un Real Decreto que socava o carácter universal público e gratuíto da sanidade que deixou sen tarxeta sanitaria a miles e miles de inmigrantes que quedaron aínda máis desprotexidos e en situación de absoluta vulnerabilidade.

No BNG pensan que non deben cruzarse os brazos como corporación e non pode permitirse que siga adiante a exclusión do sistema público de saúde daquelas persoas

que se vexan na tesitura de ter que ficar no estranxeiro por un prazo superior a 90 días, ben na procura dun posto de traballo, ben por formación, ou situacións análogas.

Polo tanto, o que está no fondo desta moción é demandar que non se lles retire a tarxeta sanitaria aos galegos e galegas que esgoten a prestación por desemprego e pasen máis de 90 días fóra do Estado español, ou o que é o mesmo, que se lle garanta a asistencia sanitaria plena a todos aqueles que se vexan na obriga de abandonar o país por un tempo superior a tres meses.

Trala votación sobre a toma en consideración da urxencia da moción, rexeítase por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

Don Rubén Cela expón a urxencia da moción relativa á paralización das obras de Galeras. Indica que esta actuación ten creado un profundo malestar na veciñanza de Galeras, tal e como comprobaron ao principio da sesión, escoitando a Antonio Segura, en representación dos veciños. Eles consideran que non é unha actuación imprescindible para mellorar a mobilidade na zona, nin está debidamente xustificada a súa necesidade e interese público. En segundo lugar, consideran que a tramitación formal non foi a axeitada. Finalmente opinan que esta actuación non se abordou debidamente coa veciñanza.

Indica que converter a rúa García Sabell nun viario de dobre sentido, non xustifica por sí só, a necesidade de crear unha rotonda de incorporación, posto que se podería solucionar mediante a regulación semafórica, como xa se fai na confluencia de Galeras, Entrerríos e Costa de Santa Isabel, cun cruzamento para o que non se prevé rotonda.

Esta actuación non garda relación algunha co que ten manifestado en diferentes ocasións a señora concelleira a respecto do proxecto de peatonalización do ámbito das rúas Carretas e Hortas, xa que se pode levar a cabo con independencia de que o aparcadoiro conte ou non cunha nova entrada, e con independencia dunha regulación semafórica ou rotonda na confluencia de Galeras e García Sabell.

Destaca que están a propor levantar unha rúa arranxada fai moi poucos anos, na que se investiu unha cantidade importante de fondos públicos para converter un espazo de disfrute público, nunha rampa de entrada a un establecemento privado.

Existe un cambio de uso do solo, sen que medie un cambio no planeamento e ese cambio de uso non foi sometido a información pública para que os cidadáns e cidadás puidesen presentar alegacións a esta modificación, se o estimasen oportuno.

Di que a veciñanza directamente afectada viu indicios de ilegalidade na tramitación do expediente, observación corroborada pola fiscalía, que aceptou a trámite a súa denuncia. Ademais, se está a ocupar un espazo público para acceder a un garaxe que necesariamente vai ter que tocar espazos comúns dos edificios e non consta que exista autorización previa por parte dos propietarios deses inmobles.

A inmensa maioría dos veciños e veciñas enteráronse desta actuación pola prensa, cando xa estaban as vallas postas no medio do parque e non parece que o goberno municipal fose especialmente sensible á hora de informar previamente aos directamente afectados, por non falar de cando lles chamou intoxicados, ou teledirixidos ou se criminalizou a forzas políticas, sindicais ou sociais, por apoiar as lexítimas reivindicacións dos veciños de Galeras.

Por estes motivos o BNG solicita que se paralice esta actuación mentres a xustiza non se pronuncie sobre eles e mentres non se clarexen as dúbidas suscitadas sobre a súa oportunidade e o procedemento seguido na súa tramitación.

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da presente moción por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

Dona Elvira Cienfuegos López di que o anteproxecto ou reforma da Lei Orgánica do aborto, supón un avance máis no camiño de retroceso aos valores tradicionais de familia patriarcal que se veñen propiciando dende as institucións, ao abeiro da crise económica e da situación de desemprego xeralizada.

Expón que o traballo escaso asóciase coa necesidade de que as mulleres continúen a facer as tarefas de coidado, xa que os servizos públicos están a ser recortados continuamente. Ao tempo que se reducen os servizos públicos e particularmente as políticas de conciliación, adóptanse medidas falsamente natalistas, como a aprobación da lei de apoio á familia e a lei de apoio á muller embarazada, que supoñen un retroceso nas políticas de igualdade dos últimos anos, porque no que nelas se expresa a través de plans e programas é que os fillos e fillas son unha cuestión feminina.

Mentres se fan máis restritivos os requisitos de prestación económica, de pagamento único por fillos e fillas menores de tres anos, máis restritivo o pago de comedores escolares, se limita o horario das escolas infantís, se amortizan as prazas de matrona, e se desenvolven programas de apoio ás mulleres xestantes, non se está a protexer o dereito á maternidade das mulleres, nunha sociedade igualitaria, cuns servizos públicos asegurados en corresponsabilidade cos homes, senón que se está a devolver á muller ao papel de nai e coidadora.

O 8 de marzo ten que servir para denunciar a involución en materia de igualdade, para amosar o compromiso co avance no recoñecemento dos dereitos como mulleres. Por iso neste ano 2014 queren someter á consideración do pleno o acordo de demandar da Xunta a derogación da lei de apoio á muller embarazada e da lei de apoio á familia e á convivencia en Galicia, por non dotar de servizos, nin de recursos ás mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por supor un retroceso de décadas en igualdade.

Trala votación sobre a urxencia na súa toma en consideración, a presente moción queda rexeitada por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

Por unanimidade, apróbase a seguinte declaración institucional, asinada polos voceiros dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG, con data 24 de febreiro do corrente ano:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO 8 DE MARZO – DÍA DA MULLER.

Os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela, presentan ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte declaración institucional:

Unha vez máis este concello quere sumarse a esta celebración e facer constar o seu compromiso de traballo a prol da obtención dos mesmos dereitos entre homes e mulleres.

Isto pasa por unha maior presenza da muller no mundo laboral que aínda que a participación das mulleres no mercado de traballo é cada vez maior; non obstante, aínda persisten as desigualdades, especialmente nos postos directivos e retribución salariais.

Comprometémonos a seguir traballando para solventar os problemas en relación ás medidas de corresponsabilidade e de apoio ao coidado de crianzas e maiores ou os diferentes servizos escolares.

As administracións debemos traballar para conseguir unha participación máis ampla e diversa das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para aumentar as bases dun tecido produtivo máis innovador e competitivo e cada vez máis internacionalizado; fomentando ao mesmo tempo unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

Doutra banda non podemos obviar que na actualidade a lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e a súa retirada está no centro do debate social e en relación a isto cremos que é necesario intentar chegar a un acordo en relación ao texto final da lei.

Por todo isto cremos que o Concello de Santiago de Compostela avogará por políticas que potencien o papel das mulleres e, así mesmo, dende o concello seguiremos demandando a todas as Administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competencias que se realicen campañas de divulgación e formación no ámbito do emprendemento feminino e que se leven a cabo políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.”

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión cando son as vinte horas e cinco minutos. Dou fe.